



A CIDADE

DAS ARTES



Concello da Coruña

A CIDADE
DAS 
ARTES 

175 ANIVERSARIO DA
Real Academia Galega de Belas Artes



A CIDADE DAS ARTES

A CIDADE
DAS 
ARTES 



175 ANIVERSARIO DA Real Academia Galega de Belas Artes



A CIDADE

DAS ARTES

CONCELLO DA CORUÑA

- **Alcaldesa da Coruña**
Inés Rey García
- **Concelleiro de Cultura e Turismo**
Gonzalo Henrique Castro Prado
- **Directora da Área de Cultura**
Eva Blanco Sánchez
- **Xefa de Servizo de Cultura e M. Histórica**
Susana Martínez Portabales

REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES

- **Presidente**
Manuel Quintana Martelo
- **Vicepresidente**
Coordinador dos actos do 175 Aniversario
Celestino García Braña
- **Secretario Xeral**
Felipe-Senén López Gómez
- **Tesoureiro**
Miguel Fernández-Cid Enríquez
- **Arquiveiro-Bibliotecario**
María Victoria Carballo-Calero Ramos
- **Conservadora**
Mónica López Alonso

EXPOSICIÓN

- **Comisariado**
Fernando Agrasar Quiroga
- **Documentalista**
Alberto Fuentes Valcárcel
- **Fotografía**
Xurxo Lobato
- **Deseño gráfico**
Alex Rodríguez Velázquez
- **Visitas guiadas**
Alberto Fuentes Valcárcel
Almudena de Iturriaga Gandini
- **Producción**
Jaspe Art, Copymar, Colatec, Galiart
e Bloga gráfica
- **Montaxe**
Savisu Soluciones
- **Trasporte**
Expo.gal
- **Seguro**
Hiscox

AGRADECEMENTOS

A todos os membros da Academia, aos autores dos textos e a aquelas persoas que colaboraron co seu coñecemento e co préstamo de obra:

- Celestino García Braña
- Diego Álvarez Silva
- ‘Din’ Matamoro
- Felipe-Senén López Gómez
- Felipe Peña Pereda
- José María Eguileta Franco
- Juan Pedro Durán Alonso
- Lucía Patiño Ponte
- Miguelanxo Prado Plana
- Raúl López Naya
- Roberto Verino
- María de la O Suárez Rodríguez, directora AMC
- Cristina Sánchez Quinteiro, AMC
- Ángeles Penas Truque, directora MBBA
- Patricia Pérez Dorado, MBBA
- Laura Carrera Nogueiras, MBBA
- Familia Reboredo
- Familia Fernández-Albalat
- Susana Carlson, viuda de Leopoldo Nóvoa

CATÁLOGO

- **Textos**
 - Celestino García Braña
 - Manuel Chamoso Lamas
 - Felipe-Senén López Gómez
 - Mónica López Alonso
 - José Ramón Soraluce
 - Juan Pedro Durán Alonso
 - José Luis Castro de Paz
 - Soledad Penalta
 - Fernando Agrasar Quiroga
- **Edición**
Fernando Agrasar Quiroga
- **Coordinación técnica**
Alberto Fuentes Valcárcel
- **Fotografía**
Xurxo Lobato
- **Deseño e maquetación**
Alex Rodríguez Velázquez
- **Revisión do galego**
Servicio de Normalización Lingüística do Concello da Coruña
- **Impresión**
Lugami Artes Gráficas
- **Depósito legal:** c 201-2025
© dos textos, deseño e fotos: as suas autorías



Concello da Coruña

A CIDADE
DAS
ARTES

175 ANIVERSARIO DA
Real Academia Galega de Belas Artes



11 Inés
Rey
García

15 Manuel
Quintana
Martelo

25 Celestino
García
Braña

39 Manuel
Chamoso
Lamas

75 Felipe-Senén
López
Gómez

105 Mónica
Alonso

117 José
Ramón
Soraluce
Blond

127 Juan
Durán

139 José Luis
Castro
de Paz

149 Felipe-Senén
López
Gómez

163 Soledad
Penalta

177 Fernando
Agrasar

203 Obras





A Academia dende



**Casa Ramos, Edificio Consulado, Antigo Museo
e Casa da Academia**

1780, 1794, 1941-1963

Arquitectos: desconocido, Fernando Domínguez
Romay e Antonio Tenreiro Rodríguez



Medalla de Académico de Número
da Real Academia Galega de Belas
Artes



Medalla de Académico
Correspondente da Real Academia
Galega de Belas Artes

A CIDADE DAS ARTES

**Inés
Rey
García**
Alcaldesa da Coruña

CIDADE DAS ARTES

O vínculo da *Real Academia Galega de Belas Artes* coa cidade que acolle a súa sede foi intensa e frutífera desde 1849, cando a Raíña Isabel II asinou o seu decreto fundacional, hai 175 anos. A exposición que inauguramos hoxe amosa a evolución da institución nese longo percorrido e o seu especial vínculo coa nosa cidade.

As cidades, como as persoas, posúen trazos distintivos e personalidade. Estes elementos identificadores van máis aló do puramente físico, das imaxes a través das que identificamos as cidades que coñecemos. Refírome á personalidade urbana, á singularidade creada pola actividade e comportamento das súas xentes e visitantes nos seus espazos públicos, ao conxunto das aspiracións colectivas que conforma o carácter dos seus cidadáns. Todo isto impregna e proxéctase no que se crea e irradia desde as súas rúas e institucións. Esta personalidade urbana que nos caracteriza como coruñesas e coruñeses necesitou unha longa historia para forxarse.

A *Real Academia Galega de Belas Artes*, con 175 anos de presenza na cidade, contribuíu de forma significativa na configuración dese espírito coruñés que recoñecemos facilmente e cústanos explicar. Como consecuencias desa presenza podemos lembrar que desde a Academia creáronse e impulsáronse varias institucións tan importantes para nós como a Escola de Belas Artes, na que se formou o Picasso de neno, ou os actuais museos de Belas Artes e o Arqueolóxico, tamén se crearon os Salóns de Outono, as medallas Marcial do Adalid, fomentáronse diferentes corais, concertos, exposicións, iniciativas en defensa do patrimonio, conferencias...

A Academia de Belas Artes de Galicia sempre tivo aquí a súa sede. Iso permítenos recibir cunha especial intensidade toda a creatividade e o coñecemento dos seus académicos e académicas. Esta exposición é unha boa mostra diso. Todas as obras expostas son das súas autorías e a través delas podemos comprender a tupida rede de conexións culturais que xeraron. Esta sala de exposicións municipal, o noso Kiosco Alfonso é obra dun arquitecto que presidiu a Academia, Rafael González Villar, como tamén é académico o arquitecto que o reformou nos anos oitenta, Xosé Manuel Casabella. Na mostra exhibense documentos e resultados da actividade da Academia,



Inés Rey García, Alcaldesa da Coruña e Manuel Quintana Martelo, Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes o 9 de outubro de 2019

cunha importante selección de pezas artísticas, dispostas coa intención de crear novas conexións entre elas e suavizar rixideces disciplinares. Aquí atoparemos pezas do século XIX e outras contemporáneas, pintura e escultura, pero tamén deseño gráfico, de moda, proxectos arquitectónicos, escenográficos, partituras, testemuñas de importantes eventos musicais ou planos de escavacións arqueolóxicas.

Nesta exposición pódese percibir con claridade a capacidade de adaptación e transformación da Academia ao longo dos anos. Na súa longa e notable nómina de membros podemos ver como unha institución, case exclusivamente masculina nos seus inicios, foi incorporando mulleres, de forma que nos últimos anos a Real Academia, pese a que aínda queda percorrido neste propósito, foi incorporando un notable número de académicas, cuxo traballo está orgullosamente presente na exposición.

A estreita colaboración entre o *Concello da Coruña* e a *Real Academia Galega de Belas Artes*, que fixo posible esta exposición, permite ofrecer ao público unha visión da institución, quizais non ben coñecida. Nesta historia de 175 anos entre a cidade e a Real Academia as sinerxias creadas foron moi positivas para ambas, como testemuñan tantos exemplos recolleitos en “A Cidade das Artes”. A Academia e a cidade que acolle a súa sede conectaron e dialogaron coas Artes como nexo de interese común. Todas e todos queremos e necesitamos que así siga sendo.



DAS ARTES

**Manuel
Quintana
Martelo**
**Presidente da
Real Academia Galega
de Belas Artes**

A ACADEMIA: PASADO, PRESENTE E FUTURO

A Real Academia Galega de Belas Artes celebra os seus 175 anos de traxectoria cunha serie de actos a través dos que queremos ofrecerlle ao público as iniciativas e obras artísticas creadas e impulsadas pola institución ao longo da súa historia, pero tamén o compromiso da Academia co presente e cun futuro ao que lle quere dar respostas nun proceso continuo de adaptación e evolución. Estas celebracións comezaron con tres xornadas de concertos celebradas no Teatro Colón da Coruña, tituladas “Os concertos do Centenario”, con obras de máis de 30 compositores galegos, moitos deles académicos, interpretadas por corais e orquestras decanas. Despois inaugurouse a exposición “Arquitecturas que falan do seu tempo”, na sala de temporais do Museo de Belas Artes, dedicada á obra dos arquitectos membros da Academia. Con esta exposición, “A Cidade das Artes. 175 aniversario da Real Academia Galega de Belas Artes,” queremos mostrar o que foi, pero tamén o que é e o que queremos que sexa a institución que teño a honra de presidir.

A colección da Academia é a base desta mostra, á que se suman outras pezas, cedidas en préstamo, nunha narración na que as artes dilúen os seus límites disciplinares entrelazándose para explicar a complexidade e riqueza das diferentes seccións da Academia. A nosa historia preséntase a través dos froitos que brotaron desde as súas ramas, desde a creación de novas institucións dedicadas ás artes, Escola de Artes, Museo de Belas Artes, Museo Arqueolóxico..., ata múltiples iniciativas como os Salóns de Outono, a publicación da revista *Abrente*, as medallas Marcial del Adalid, ou a creación do Ano das Artes, que nesta edición dedicamos a Xosé Díaz Pardo. A Academia estuda, crea, asesora, investiga, divulga e ofrécelle á cidadanía do noso país un impulso das artes, que precisa do coñecemento e tamén do recoñecemento dese labor para poder continuala con forzas renovadas.

A Real Academia evoluciona coa sociedade da que forma parte e, nos últimos anos, fixo avances decididos para a súa modernización. Novos académicos e académicas, creadores e estudiosos, perfectamente conscientes do seu tempo, traballan sen nostalxia coa mirada posta nun futuro no que as artes son imprescindibles nunha sociedade con memoria, reflexiva e consciente da necesidade da beleza.

Castelao ensinounos que as obras de arte voan por riba das fronteiras, pero non hai obra de arte capaz de resistir o xuízo do tempo que non leve o cuño dunha nacionalidade e xamais perde o aroma da terra e do momento no que foi creada. A cultura galega, a identidade de Galicia, ten na súa Academia de Belas Artes un apoio fiel. Ese é un dos nosos principais labores e quixemos que nesta mostra se reflicta con claridade. Todas as obras que integran a exposición son dos nosos académicos e académicas, ese sentido de pertenza á cultura de Galicia, profundo e esencial, impregna o conxunto de “A Cidade das Artes”.

O vínculo da Academia coa cidade da Coruña é especialmente estreito. A cidade que acolleu a sede da Institución desde a súa creación en 1849 experimentou, con especial intensidade, o impulso das artes que irradia desde a Academia. A presenza das artes na cidade é intensa: nas súas rúas, teatros, auditorios, museos, galerías..., pero tamén no carácter dos seus habitantes, que a dotan dunha acusada personalidade urbana.

“A Cidade das Artes” móstralle ao público que visita o espazo do Kiosco Afonso unha reflexión, a través de máis de 300 pezas, sobre o que é a Real Academia Galega de Belas Artes. A nós, membros da institución, permítenos avaliar o noso traballo cunha dobre mirada proxectada ao pasado e, desde logo, ao futuro, ao que miramos con reflexión e ilusión, firmemente apoiados no camiño percorrido.

SORRY-2, 2004
Manuel Quintana Martelo
Óleo sobre lenzo





NUBE DE LA TARDE, s. XX
Imeldo Corral González
 Óleo sobre lenzo



BASTIAGUEIRO, s. XX
Jaime Ozores Marquina
 Óleo sobre lenzo



FONTA-DONIÑOS, s. XX
José Leyra Domínguez
 Óleo sobre lenzo



PAISAXE, 1995
 (dereita)
 1.º premio Salón de Outono 2002
José Ramón Morquecho Barral
 Acrílico sobre lenzo



CAOS
1.º premio Salón de
Outono 2004
Manuel Patinha
Acrílico sobre lenzo



PESCADOR DE NANAY
1.º premio Salón de Outono 2008
Calo Carratalá
Óleo sobre lenzo



**Celestino
García
Braña**

RETRATO DE ISABEL II,
1850 ca.
**Copia do retrato oficial de
Federico de Madrazo
y Kuntz**
Óleo sobre lenzo

O MELLOR DO QUE ACHEGAMOS

Desde a súa implantación, as Academias foron instrumentos ao servizo dos novos modos de interpretar o mundo e xunto ás logias, os salóns literarios, os clubs e o grande invento europeo dos cafés, contribuíron a superar os caducos círculos aristocráticos, para substituílos por espazos máis participativos onde imperaba a capacidade crítica e a racionalidade, abertos a unhas sociedades que experimentaban novas ansias con renovadas aspiracións, nas que aqueles *novatores* xogaron un papel tan principal.

Co inicio das súas actividades, esta Real Academia de Belas Artes e a cidade da Coruña quedaron emprazadas a manter un estreito trato, xusto cando se iniciaba o transcendente proceso de modernización, que acabaría cos restos do Antigo Réxime e que situarían a nosa urbe fronte a profundas mutacións, pois aquí tamén puideron aplicarse, gardando as debidas distancias, os coñecidos versos que Baudelaire, nas súas Flores do Mal, escribise á mantenta dos cambios que renovaban a imaxe de París:

“A forma da cidade cambia máis rápido, Ai! que o corazón humano”.

E aquela convivencia resultou moi proveitosa para ambas, pois, se a cidade reco- lleu, desde entón, as achegas dos seus Académicos, estes, á súa vez, atoparon nela un

xerminal caldo de cultivo que valoro e acolleu as súas obras e que as foi incorporando, paulatinamente, á súa imaxe identitaria dando testemuño perenne da súa valía. Aqueles artistas, músicos e arquitectos foron deixando, sen solución de continuidade, unha profunda pegada á vez que sempre mantiveron o lexítimo orgullo e a satisfacción de formar parte daquelas sucesivas xeracións ilustradas; de modo que traballar e crear en favor dos seus conveciños se converteu nun compromiso entusiasta e permanente, de cuxos resultados hoxe podemos seguir sentíndonos orgullosos e esta exposición, que reúne tantos testemuños do pasado nun edificio tan emblemático da cidade, é boa proba diso.

E, neste mirar cara atrás, comprendemos como se foron abrindo paso remocicadas experiencias que non deixaron de enriquecer a nosa contorna e as nosas vivencias, que abordaron temas novos que apenas uns anos antes eran imposibles de prever. E, ao analizar aqueles gustos cambiantes, percibimos como cada artista despregou as súas capacidades expresivas confrontándose cos colegas que o precedían para, a posteriori, ser posto en cuestión por quen o sucedeu, nunha eterna confrontación que motivará novos actos creativos. A análise de todos eles é o fío condutor que deu argumentos a moitas historias da arte, as que se escribiron e as que sobre os mesmos temas se han de escribir no futuro. E como gran pano de fondo de todo o que cambia e se reinterpreta, permanecen as grandes cuestións, aquelas que se configuraron como paradigmas da nosa cultura occidental.

E, se o que nesta exposición contemplamos, recoñecemos... ou descubrimos pode valorarse como un certo dar conta do amor da Academia e os Académicos por esta cidade, tamén creo que debe tomarse como un simbólico novo punto de partida; de modo que o repaso daqueles ricos testemuños debe servir de estímulo a partir do cal, sen ensimismamento nin demasiadas compracencias, pero plenamente conscientes daquela contribución, se poidan explorar novas destrezas e coñecementos que sirvan para nos adaptarmos mellor ás présas duns tempos que incorporan tantas incertezas,

globalidades e profundas mutacións tecnolóxicas, que fan da interconexión entre cambios e velocidade unha dos seus acenos de identidade, á vez que rapidamente se substitúe o analóxico polo dixital, incluída a arte.

E, á súa vez, a nosa sociedade debe ser consciente do papel que esta Real Academia Galega de Belas Artes desempeña, entendéndoa, apreciándoa e apoiándoa como espazo de creación, que contribúe a establecer conexións entre ámbitos moi diferentes da nosa colectividade. Nesta esixente tarefa é necesario o trato frecuente coas administracións, non para suplantar o seu papel nin para ser unha mera continuidade das súas obrigacións públicas, senón para contribuír a enriquecer os puntos de vista, para ser expresión das diversificadas sensibilidades colectivas, ás veces minoritarias e outras amplamente admitidas, ás veces en actos con asistencia masiva, como os tres oportunos concertos que esta Academia e o Concello organizamos con ocasión do noso 175 aniversario no Teatro Colon, e outras buscando darlle eco ao que solitarios artistas producen na radical intimidade dos seus talleres. O mundo da cultura e as administracións necesítanse mutuamente, e un bo modo de plasmalo é a través de colaboracións, como a que posibilito realizar esta exposición entre o Concello da Coruña e a Academia, sendo conscientes que sempre deben estar conducidas desde a máis radical independencia e respecto mutuo. Trátase, no agora, de desempeñar un labor que debe contribuír a explorar as raíces do noso presente sabendo que non son sementes que xerminasen no inmediato futuro.

E, en paralelo, contribuír a xeneralizar a difusión das artes, en todo o territorio galego, de modo que o seu gozar e converta, cada vez máis, nunha necesidade cotiá para amplos, e nunca excluíntes, públicos. O seu papel non debe reducirse a relacionarnos co/a artista creador/a; con todo o importante que iso é, tamén ha de propiciar a relación entre quen comparto experiencias estéticas, xa que, se ao dirixir a nosa mirada a un cadro ou analizar unha escultura, camiñar polo interior dun edificio ou escoitar unha sonata nos achega aos seus autores e os seus tempos de creación

tamén o fai, e isto é moi importante, con aqueles cos que compartimos as mesmas ou parecidas experiencias, comprobando afinidades ou expoñendo discrepancias, gozos ou rexeitamentos.

Non importa! O decisivo é compartir acordos ou distancias. Porque sexa un ou sexa o outro o que xorde é o diálogo, a proximidade e a ocasión para o argumento sólido, lonxe dos egos e os xuízos insubstanciais e precipitados. Porque naqueles diálogos sosegados estamos obrigados a despregar as nosas habilidades dialécticas, desenvolver as intuicións, acrecentar a capacidade de comunicación elaborando criterios e non meras opinións máis ou menos improvisadas.

De paso, e sen propoñelo, canto máis arte gocemos, mellor nos capacitaremos para afrontar posteriores experiencias e con maior lucidez valorar e gozar dos seus contidos. Deste xeito, tamén teremos unha maior influencia para reducir o poder do mercado, que forma parte omnipresente do mundo artístico actual, evitando que sexa el quen dite as regras e defina os seus valores, xa que estes han de concretarse a través de leitos máis participativos, menos contaminados, máis selectivos e democráticos. Trátase de explorar esa condición tan esencial na arte que fai del unha linguaxe, en boa medida universal e que, simultaneamente, busca nas fontes propias inspiración para que, transcendendo as súas orixes, sexa vehículo de diálogo e enriquecemento entre diferentes e, ás veces, moi afastadas, minorías.

É por todo isto que a nosa vella Casa, aínda que mellor acondicionada, e nela noso decimonónico Salón de Actos, deben seguir sendo espazos para propoñer, experimentar, enriquecer múltiples experiencias artísticas. O mundo da arte xa non é só a procura da beleza, senón que tamén se propón estimular e alertar, axudando a que xurda a reflexión acerca dos enigmas que nos obsesionan, os problemas que se acumulan, as inquietudes que pugnan por saír á superficie para contribuír a que cristalicen nunha sociedade máis equilibrada e tamén máis inquieta.

E iso, sendo conscientes da capacidade limitada da Arte e a Cultura para transformaren o mundo, desde que Th. Adorno expuxo a imposibilidade da poesía despois



Auschwitz e que G. Steiner, tendo presente o mesmo recordo, afirmase que a cultura non é garantía última de nada. Os actuais sucesos en Israel e Gaza, e noutras partes do mundo, non fan senón volver a pór de actualidade as mesmas dúbidas. En efecto, a cultura non nos protexe de caermos en tan graves desviacións pero abre, polo menos, as nosas mentes e aproxímanos ao mellor do que os seres humanos achegamos e estamos en condicións de chegar.

NOSA SEÑORA DO MAR, 1946

Francisco Asorey
Xeso

ÁNGEL DEL CASTILLO LÓPEZ, 1937 ca.
Fernando Álvarez de Sotomayor
Óleo sobre lenzo





AUTORRETRATO, s. XX
María Corredoyra y Ruiz de Baro
 Óleo sobre lenzo



AUTORRETRATO, 1988
Antonio Tenreiro Brochón
 Óleo sobre táboa

LA TRILLA EN LA PROVINCIA DE
SEGOVIA, 1953

Antonio Tenreiro Brochón
Acuarela sobre papel





GITANILLO, 1957
Luis Quintas Goyanes,
 Marqués de Almeiras
 Óleo sobre lenzo



ERMITAÑO, 1913
Manuel Abelenda Zapata
 Óleo sobre lenzo



Manuel Chamoso Lamas

Presiente da
Real Academia
(1961-1985)

Chamoso supervisando a
reconstrución das Pallozas
do Cebreiro (Lugo), 1969

Fotografía de Carlos
Fernández-Gago. Arquivo
Chamoso Lamas

‘LA REAL ACADEMIA DE BELLAS ARTES DE N.ª S.ª DEL ROSARIO DE LA CORUÑA’

Observaciones preliminares por Felipe-Senén López Gómez: nestes 2024/2025 a *Real Academia Galega de Belas Artes* conmemora o 175 aniversario da súa creación. Con tal motivo, recolleemos e traducimos ao galego o traballo do historiador da Arte e que foi presidente desta corporación, Manuel Chamoso Lamas: “*La Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Sra. del Rosario de La Coruña*”, (pp 32-60). Especial: “*Presente y Futuro de La Coruña*”, tomo II, edic. *Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses* 1984. Artigo relativo á historia desta corporación, do seu papel nas entón chamadas “*Belas Artes*”, nome no que se recolle toda a súa misión no ensino, o estudo, a conservación e promoción das artes. Creadora e titora da *Escola de Belas Artes* na que se forma o neno Picasso, así como do *Museo Provincial de Belas Artes*, para o que se crea un padroado no que estarán representados o Concello, a Deputación Provincial e, moi en especial, a Academia, en canto supón a formación de coleccións, a dirección e os orzamentos dos museos... O obxectivo fundamental será buscar financiamento e espazos axeitados para tal fin. Reunión de coleccións de interese arqueolóxico e fundamentalmente artísticas, algunhas herdanzas da *Comisión Provincial de Monumentos*, obxectos dos que parte a colección inicial para a creación e exposición, desde 1967 do Museo Arqueolóxico Provincial no Castelo de San Antón da Coruña.

Este artigo complementarase cunha segunda parte, elaborada polo académico Felipe-Senén López, a que trata de sintetizar a evolución da Academia desde o 1985 até o presente, período que tantas mudas democráticas supuxo. Se ben insistimos nos alicerces da Academia, entón provincial da Coruña e moi en paralelo e baixo a titoría das deputacións provinciais no que atinxe ao Patrimonio Cultural, na súa consolidación entre a sociedade no primeiro século de vida, Anos que sintetiza e aos que se refire no artigo que segue Chamoso Lamas, momentos nos que na Coruña florece de xeito exemplar o espírito da ilustración, con canto significa de liberdade e pescudas de saber.

* * *

Non é imprescindible que lembremos aquí aquel xardín do lendario personaxe *Academo*, existente nas proximidades de Atenas, onde ensinaba Platón os seus discípulos, que vén tomando como a orixe do termo Academia, nin é imprescindible, igualmente, que nos refiramos á creación da primeira Academia en España e aínda menos que esta se formase en Madrid baixo o impulso do Rei Felipe II, que lle confiou ao arquitecto Juan de Herrera a súa organización. Sabido é que foi o Cardeal Richelieu, quen en 1635 transformou en Academia Francesa unha sociedade particular, creada exclusivamente para cultivar o idioma francés, e que a imitación do feito por Richelieu se creasen Academias en Madrid e noutras capitais europeas. En efecto, non é preciso lembrarmos todos aqueles feitos e persoas que determinaron a creación das Academias, pois sumiríanos nunha confusa relación innecesaria, non só por coñecida e divulgada, senón porque nos afastaría do propósito fundamental que motiva estas notas. Como máximo, o que obteríamos diso sería coñecer, no que a España afecta, que a *Academia de la Lingua* foi creada por Felipe V en 1714; que a de *Medicina* foi

tamén polo mesmo monarca en 1733; así como a da *Historia* en 1738; a de *Bellas Artes de San Fernando*, si foi igualmente fundada por Felipe V en 1744, a sesión inaugural por diversas causas non tivo lugar ata 1752 reinando xa Fernando VI; a de *Ciencias Exactas. Físicas y Naturales* creada en 1747; a de *Ciencias Morales y Políticas* en 1857 e a de *Farmacía* en 1873. Isto en canto ás *Academias Nacionais*, xa que en datas posteriores ou pouco anteriores foron creándose en provincias outras varias, xa con carácter rexional ou provincial.

Destas últimas cumpre, ao noso obxecto, referirnos á *Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da Coruña*. Foi esta una das 13 creadas en España por *Real Decreto do 13 de outubro de 1849*, coa denominación de *Academia Provincial de Bellas Artes*. O título de Real foille concedido, así como outras moitas Academias existentes en España, o 12 de xullo de 1916. O seu regulamento, vixente ata o presente, foi aprobado por *Orde ministerial do 17 de decembro de 1942*, regulamento que a faculta para exercer a súa finalidade de “fomentar e enaltecer as Belas Artes en todas as súas varias manifestacións dentro da provincia e aínda de Galicia, por ser a única Academia desta clase existente na rexión”. E dicimos ata o presente porque en breves datas publicará o Boletín Oficial do Estado unha nova orde ministerial pola que, tras o preceptivo informe favorable da *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando de Madrid* e do *Instituto de España*, dispónse o cambio de denominación de *Real Academia Provincial de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario de La Coruña*, co cal o seu ámbito de acción pasa a ser oficialmente rexional. Conserva nesta nova denominación a súa titularidade adscrita á nosa Señora do Rosario, a cal lle era concedida oficialmente o 14 de abril de 1947, poñéndose baixo unha advocación, neste caso a Virxe Patroa da Coruña, segundo é tradicional nas *Academias de Belas Artes*, tales *San Fernando de Madrid*, *San Jorge de Barcelona*, *Santa Isabel de Sevilla*, *San Carlos de Valencia*, *San Luis de Zaragoza* etc.

A CREACIÓN DA ESCOLA DE BELAS ARTES DA CORUÑA, REFERENTE NO SEU TEMPO

A historia da *Academia de Belas Artes da Coruña* está ligada á de moitas das máis importantes institucións culturais da cidade, e é para algunhas delas razón da súa existencia. Abonda con examinar algúns dos moitos cartafois de documentación que conserva o arquivo académico, para exhumar datos que acreditan o gran labor de xestión cultural desenvolvida pola Academia xa desde os primeiros anos da súa creación. Unha das máis importantes realizacións levadas a cabo é a que determinou a creación en 1854 dos *Estudios de Bellas Artes* e especialmente os de carácter máis elemental, os cales materializaron a iniciación da *Escuela de Bellas Artes*, que entrou axiña en funcionamento oficial co nome de *Escuela de la Academia de Belas Artes da Coruña*.

Abundantes documentos do arquivo mostran como no curso de 1858-59 se lle impartían clases de distintas disciplinas a un gran número de alumnos na *Escola de Belas Artes* “dependente desta Academia”. Consérvanse moitas listas trimestrais correspondentes ao devandito curso 1858-59 e a outros inmediatamente posteriores, nas que se cualifican os traballos do alumnado. Así, na Cátedra de *Dibujo de Figura* o resultado do terceiro trimestre lanzou un recoñecemento de 156 debuxos presentados por 67 alumnos, e outro tanto pode dicirse, en canto a número de alumnos con variedade de traballos presentados e cualificados, das cátedras de *Dibujo Lineal* e de *Modelado*. Tamén era misión da Academia compoñer os tribunais que habían de xulgar as oposicións para cubrir as cátedras da escola.

Múltiples incidencias e complexidades propias dun centro de ensino desta clase rexístranse na prolixa documentación conservada no arquivo da Academia, que ofrece non só amplas referencias ilustrativas do seu funcionamento, senón un minucioso rexistro da preferente e constante dedicación da Academia ao centro cuxa existencia lle era debida. Así vemos, chegado o ano 1888, nun escrito da Academia, datado o 30 de novembro, como consta a “Relación de prazas do profesorado da Escuela de-

pendiente de la Academia” que se achan vacantes e por iso sabemos como estaban dotadas economicamente. Ao referirse á Cátedra de *Dibujo de Figura* y de *Adorno*, que se atopaba vacante desde o 1 de outubro de 1886, estaba dotada con 3.000 pesetas anuais de soldo e a de *Modelado* y *Vaciado de Adorno*, dotada tamén co mesmo soldo anual. Todo iso establecía unha constante xestión e relación co *Director General de Instrucción Pública*, do *Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes*. Como interesante mostra desta relación oficial, podemos anotar o escrito que o 20 de novembro de 1888 lle dirixe o *director general de instrucción pública* ao *presidente da Academia Provincial de Bellas Artes de Coruña*, o cal literalmente di:

“Sírvase V.S. remitir a este centro con la mayor urgencia

1º. Relación de las Cátedras que existen en esa Escuela de Bellas Artes, determinando a qué clase de enseñanza pertenecen, si a la elemental o a la superior

2º. Relación de las cátedras que están vacantes y desde qué fecha

3º. Relación de los profesores en propiedad, de los interinos, ayudantes y de todo el personal, así facultativo como administrativo, fijando la fecha de su conocimiento

4º. Nota del turno a que ha correspondido la última vez la provisión de cada cátedra

5º. Reformas que la experiencia aconseje realizar, según su juicio, en la enseñanza de Bellas Artes. Lo digo a V.S. para su conocimiento y demás efectos”.

A este escrito contestou o 30 do mesmo mes o presidente da Academia o seguinte:

“...excmo. Sr.: Recibida la comunicación de V.E. fecha 20 del actual, y en cumplimiento de lo que en ella se digna disponer, adjunto tengo la honra de remitirle las relaciones siguientes:

1ª. Cátedras establecidas actualmente en la Escuela dependiente de esta Academia.

2ª. Plazas del profesorado vacantes actualmente en las cátedras de la misma.

3ª. Relación nominal de todo el personal facultativo, administrativo y subalterno existente en la actualidad en el establecimiento, con expresión de los cargos que se desempeñan, procedencia y fechas de nombramientos.

4ª. Nota que expresa los turnos a que han correspondido la última vez las provisiones en propiedad de las plazas de profesores y ayudantes de las Cátedras.

En cuanto a las reformas que V. E. me pide exprese a mi juicio se deben realizar en el establecimiento según aconseja la experiencia, creo muy oportuno que. Dado el desarrollo de la afición a las Bellas Artes en esta localidad, que cuenta hoy con jóvenes entusiastas por la Pintura cuyo estudio se carece en la Escuela por ser ésta de segunda clase, debiera elevarse a la categoría de primera, instalando las enseñanzas superiores correspondientes a la misma. Sin embargo de esto, mientras no pudiera realizarse la organización completa de dichos estudios superiores, creo muy conveniente abordar por ahora las reformas siguientes.

1ª. A los profesores y ayudantes de las asignaturas de Dibujo de figura y de adorno debiera engancharseles también de la enseñanza de Dibujo de paisaje con carácter obligatorio, consignando en la expedición de los títulos de dichos profesores y ayudantes el de esta asignatura de paisaje.

2ª. A los profesores y ayudantes pudiera encargárseles también igualmente la enseñanza del Dibujo topográfico con el mismo carácter obligatorio que a los anteriores.

3ª. Para los estudios superiores de que carece hoy completamente esta Escuela debería establecerse, cuando menos por ahora, las enseñanzas siguientes:

Cátedra de Estereotomía con aplicación al corte de piedra y madera, enseñanza de la Perspectiva y teoría de sombras. Cátedra de Dibujo Copia del yeso y de Dibujo natural, o sea copia del modelo vivo, y enseñanza de la Anatomía Pictórica. Con estas asignaturas quedará establecida la base fundamental para elevar esta Escuela a la categoría de primera clase, creando después cátedras de composición y colorido para la Pintura, y una cátedra de Escultura. Además de esto se establecerán las enseñanzas referentes a la Música cuya instalación dispuesta en estos establecimientos por la Superioridad, hubiera ya dado principio en esta Escuela en el curso actual. si la Excma. Diputación de esta Provincia hubiera consignado en el presupuesto la exigua cantidad necesaria para su instalación y sostenimiento”.

Ben se aprecia neste escrito o afán de conseguir para A Coruña unha Escola Superior de Belas Artes, aspiración que nunca abandonou a Academia. Pero aínda existe outro escrito, cuxa copia figura no arquivo académico, que ofrece notable interese, non só para o coñecemento da actividade despregada pola Academia en materia de ensinos artísticos, senón para o dos seus poucos boiantes medios administrativos. Trátase dun escrito dirixido o 14 de xaneiro de 1889 ao director general de instrución pública polo presidente da Academia, cuxo contido transcribimos:

“La Excma. Comisión Provincial de La Coruña en comunicación transmitida al Presidente de esta Academia de Bellas Artes, por el Sr. Gobernador Civil de esta Provincia con fecha 11 del corriente, acordó crear en sesión de 24 de diciembre último, con nobles y levantados propósitos que la enaltecen, además de la enseñanza de varias clases de Música mandadas establecer de Real Orden encomendada a esta Academia por la Direccion General de Instruccion Pública del dignísimo cargo de V.E., Cátedras de Física, Química, Mecánica, Solfeo y Canto, de instrumentación y de taquigrafía. -Como el personal subalterno que

hoj existe en esta Academia y su Escuela, es muy reducido, pues consta de un Conserje- Escribiente y de un Portero, como plazas principales y dos Bedeles o mozos de servicio, cuyo sueldo de 250 pesetas anuales no permite se les exija más asistencia que la de auxiliar a los anteriores en algunas pocas horas del día, dicho personal no es bastante para atender debidamente a las nuevas creaciones de las clases expresadas. Por lo tanto es indispensable crear cuando menos una plaza más de Portero con el sueldo anual de 996 pesetas. En este concepto y teniendo en cuenta que la plaza de Portero actual continúa desempeñada por el nombrado por esa Presidencia, Don Jose Barbeito Souto, Licenciado de Ejercito, el cual cumple las funciones de su cargo a satisfacción de sus superiores, tengo la honra de manifestar a V.E. que me propongo nombrar para la nueva plaza de Portero a Don José Gamoneda Licenciado también del Ejército, que en concepto de esta Presidencia reúne las condiciones para desempeñar este subalterno cargo.- Dios guarde a V.E. muchos años”.

En canto ao plan de ensino establecido pola Academia na Escola daquela dependente no ano 1888, era, segundo o documento titulado “Relación que expresa las cátedras establecidas actualmente en la Escuela dependiente de esta Academia”, o seguinte:

- “1.- Aritmética y geometría de dibujantes.- Elemental.
- 2.- Dibujo lineal y aplicado a las artes y a la fabricación.- Elemental.
- 3.- Dibujo de figura y adorno.- Elemental.
- 4.- Otra de dibujo de figura.- Elemental.
- 5.- Modelado y vaciado de adorno.- Elemental.

Estas asignaturas, desempeñadas cada una por su profesor respectivo con nombramiento oficial, pertenecen con carácter obligatorio a la plantilla de estudios elementales de Bellas Artes, determinada por Real Decreto orgánico de 31 de octubre de

1849.- Con carácter voluntario y sin retribución, algunos de los profesores y ayudantes de la Escuela dan como ampliación a las anteriores, las enseñanzas siguientes:

- 1.- Estereotomía con aplicación al arte de piedra y madera y Perspectiva.- Superior
- 2.- Dibujo y Paisaje.- Elemental.
- 3.- Dibujo del antiguo, de figura y de adorno o sea copia de yeso.- Superior.
- 4.- Además se halla establecida, con el mismo carácter de estas últimas, una sección de Dibujo de figura, de adorno y de pasaje, para Señoritas.- Elemental.- Coruña noviembre de 1888.”

Ben vemos aquí o esforzo da Academia por manter dignamente a organización do ensino artístico na Escola.

O AMPARO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL ÁS INICIATIVAS DA ACADEMIA “PROVINCIAL”: ESCOLA E MUSEO

Xa vimos, tamén, que a provisión das cátedras se facía por oposición ante Tribunal constituído por Académicos. Non obstante, isto debeu de sufrir ou ben unha modificación ou ben unha adición, pois o 17 de decembro de 1890 un escrito do “Negociado 5.º Bellas Artes” da Dirección General de Instrucción Pública, dirixido ao presidente da Academia, di textualmente:

“S.M. el Rey (q.D.g.) y en su nombre la Reina Regente del Reino, ha tenido a bien disponer que la plaza de Ayudante numerario de la Cátedra de Dibujo de Adorno y Figura, vacante en la Escuela Provincial de Bellas Artes de La Coruña, se provea por concurso entre artistas que hubiesen obtenido primero, segundo

y hasta tercer premio en Exposición Nacional o Universal, con arreglo a lo dispuesto en el artículo 5º. del Real Decreto de 13 de febrero de 1880.- De orden del Sr. Ministro lo comunico a V.S. para su conocimiento y efectos”.

Parte destas cátedras estaban dotadas economicamente pola Deputación Provincial da Coruña, pois así o expresa o duplicado dun escrito que o presidente da Academia lle dirixe ao presidente da Deputación en 1890, que comeza dicindo:

“Excmo. Sr.: Tengo la honra de remitir a V.E. cuatro ejemplares del proyecto de presupuesto ordinario de ingresos y gastos de la Escuela de Bellas Artes dependiente de esta Academia, correspondiente al año económico próximo venidero de 1890-1891”.

É interesante notar que, no longo texto explicativo deste escrito, se fai constar un dato interesante:

“...En el material son únicamente aumento nuevo, las 2.675 pesetas que figuran por el mayor gasto del alumbrado que seguirá al trasladarse la Escuela al nuevo local del Instituto del Sr. da Guarda”.

En efecto, en 1890 prodúcese o traslado e instalación da Escola no novo edificio construído polo gran benfeitor Don Eusebio da Guarda para Instituto de 2.º Ensino, en cuxos locais da planta baixa continua aínda hoxe a Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos, sucesora daquela.

Por cantos datos poden recollerse no arquivo académico sábese, ademais de que en 1890 se instala a Escola de Belas Artes no edificio acabado de construír por D. Eusebio da Guarda, que en 1900 xa aparece cunha nova denominación, a de *Escuela Provincial de Bellas Artes e Industrias de La Coruña* e que en 1910 figura por primeira vez como *Escuela de Artes y Oficios de La Coruña*.

Naqueles anos de gobernabilidade da Escola como institución de ensino dependente da *Academia Provincial de Bellas Artes*, ilustres personalidades coruñesas integraban a Corporación. Ao comezar o século, o ano 1900, a Academia estaba composta polos señores seguintes:

Presidente:
Excmo. Sr. Don Jaime Ozores de Prado, Marqués de San Martín.

Vocais:
Sr. Don Calixto Varela Recamán.
Sr. Don Roman Navarro Garcia.
Sr. Don Jose Perez Ballesteros.
Sr. Don Pedro R. Mariño.
Sr. Don Ramon Lopez de Vicuña
Sr. Don Isidoro Brocos Gómez
Sr. Don Gumersindo Pardo Reguera.
Sr. Don Pedro Barrié Pastor.
Sr. Don José Domínguez Coumes-Gay
Sr. Don Cesar Español Sarabia
Sr. Don Canuto Berea Rodrigo
Sr. Don José Braña Muiños.
Sr. Don Gonzalo Brañas Sanchez.
Sr. Don Urbano Gonzalez Varela.
Sr. Don José Gómez Naya.
Sr. Don Gonzalo Brañas Fernández.
Sr. Don José Quiroga Perez.
Sr. Don Juan Fernandez Latorre.
Sr. Don Eduardo de Torres Taboada.

Sr. Don Luid Dominguez de la Cámara.

Sr. Don Antonio de Mesa Varela.

Agora ben, se no historial da *Academia de Belas Artes da Coruña* destaca con extraordinaria brillantez a súa acción en beneficio dos ensinos artísticos, logrando a creación e sostemento durante longo tempo dunha *Escola Provincial de Belas Artes*, moito máis intenso e esforzado foi o seu propósito de dotar A Coruña dun museo capaz e digno dela. Realmente, emociona comprobar nos cartapacios do arquivo académico canto elaborou, xestionou, proxectou e loitou para alcanzar a creación do museo ambicionado. Emociona, igualmente, e produce mágoa ao mesmo tempo, ver en tanto escrito reunido no arquivo corporativo, como unha e outra vez obtén os medios para iso, soar ou edificio, e como unha e outra vez se dilúen no desleixo, indecisión, desinterese ou indiferenza de entidades e organismos. Con todo, a Academia non desistiu nin un só momento no seu natural e á vez ambicioso propósito de conseguir o museo e bateuse con teimosía contra tanta adversidade como se lle opoñía, o cal se nun principio parecía sementeira estéril, non o foi en realidade, debido a que así se preparaba a conciencia cidadá para que se decatase, con valorada estimación apreciativa, de canto significaba na orde cultural a existencia dun *Museo de Belas Artes*. Vexamos sequera en rápida pasada e selección documental canto loitou a *Academia Provincial de Bellas Artes* ao longo dos anos ata ver convertido en realidade o seu propósito.

Deixando á parte anteriores xestións desenvoltas desde os primeiros anos da fundación da Academia (1849), recollamos aquí o interesante manifesto do presidente da Academia de Belas Artes, subscrito o 30 de abril de 1902 “*relativo a la creación del Museo de La Coruña*”. Di así:

“Una de las atribuciones reservadas a las Academias de Bellas Artes desde la separación de su dependencia de las Escuelas del mismo nombre, denomi-

nadas hoy Escuelas de Artes e Industrias, es el cuidado y conservación de los Museos Provinciales, en virtud del artículo 65 del Real Decreto de 31 de octubre de 1849. Ansiosa la Academia que tengo el honor de presidir de llenar cumplidamente esta parte de la misión de sus funciones, se ve en la imposibilidad de realizarlo, careciendo del elemento principal, cual es un establecimiento de la índole mencionada. No me detendré a demostrar la importancia y utilidad de los Museos como complemento del estudio de las Bellas Artes en todas sus fases, pues la bien arraigada generalizada está esta opinión en todas las Naciones civilizadas, que no considerando suficiente la creación de Escuelas especiales en todas sus ramas, rivalizan en la formación de Museos donde se hallan reunidas todas las producciones del genio e inspiración artística, fomentando, por medio de la exposición, la comparación del mérito de las obras que conduce a la formación del buen gusto y excita por medio de la admiración el estímulo al estudio en todas las clases de la sociedad; considerando, además, el beneficio que a esta reporta por la influencia que las Bellas Artes ejercen indudablemente en las costumbres y en la cultura de los pueblos. Animada por estas consideraciones la Academia, no contando con los recursos indispensables para la realización de sus planes, y persuadida del celo patriótico que anima a la ilustrada Corporación / Comisión que V.I. tan dignamente preside en favor de todo lo que se refiere al progreso y realce de esta población de La Coruña, considerando que un establecimiento de esta clase mencionada acrecentara su prestigio, no solo como elemento de útil enseñanza sino también de recreación y cultura, no puede menos de solicitar su eficaz apoyo. Por lo tanto ruego a V.I. procure interesar el ánimo de los Srs. Diputados a fin de que la Exma. Corporación conceda la consignación en sus presupuestos de una cantidad que permita a la Academia, al unirla a otras ayudas, adquirir un solar imprescindible como primer elemento para la construcción del edificio que facilitará la realización del proyecto del anhelado Museo, que tanta importancia ha de aumentar a

esta población de la que recibirá su eterno reconocimiento unido al de esta Academia”.

Este manifesto dirixiuse con esas variantes de solicitude á Deputación Provincial, ao alcalde do Concello e á Comisión Mixta do Balneario da Capital.

A estas propostas contidas no anterior manifesto, seguíronlle unha infinidade de xestións levadas a cabo pola Corporación académica, as que culminaron na obtención de terreos para a edificación do Museo. O 23 de outubro do mesmo ano 1902, a Comisión Mixta do Balneario de Riazor, do Concello da Coruña, diríxese ao presidente da Academia co escrito que polo seu valor testemuñal consideramos oportuno transcribir literalmente a continuación:

“Ayuntamiento de La Coruña.- Comisión del Balneario de Riazor.- He dado cuenta a la Comisión Mixta de la Beneficencia Municipal establecida en Riazor, de la atenta instancia que V. ha dirigido a la misma pidiendo se conceda a esa Corporación que V. tan dignamente preside, un solar de los que esta Comisión Mixta posee en la Avenida de Rubine, con una extensión mínima de 70 metros de largo y del ancho conveniente, a fin de construir en él un edificio que habrá de ser destinado a Museo Provincial de Bellas Artes. La Comisión, teniendo en cuenta que la realización del proyecto de que se trata ha de resultar beneficiosa para la localidad, así porque ha de contribuir al fomento de estudios artísticos como porque ha de ejercer una saludable y provechosa influencia en la cultura de la población, acordó por unanimidad acceder desde luego a lo solicitado por V. en nombre de la Academia de Bellas Artes, concediendo a ésta el terreno que desea en la primera zona expropiada, a continuación del Callejón de Monselón,, bajo las condiciones siguientes que habrán de tenerse como bases generales.

-1º Que las obras de construcción del proyectado edificio han de comenzarse dentro de un año, contando desde el día en que se verifique la entrega del terreno.

- 2º Que en caso contrario quedará sin efecto este compromiso y el solar volverá a ser propiedad de esta Comisión o de la Beneficencia Municipal.

- 3º Que una vez comenzadas las obras quedará terminado el edificio en el plazo de tres años, y si por cualquiera causa se desistiese de continuar la construcción, el terreno pasará a la propiedad de la Comisión Mixta, y si esta no existiese a la Beneficencia Municipal, con todo lo edificado.

- 4º Que el edificio no podrá nunca ser destinado, bajo ningún concepto, a otro uso que el de Museo de Bellas Artes y jardines que lo circunden.

- 5º Que si por cualquiera causa llegase a desaparecer el Museo o fuere este trasladado a otro local, el edificio y jardines construídos, lo mismo que el solar, quedarán a beneficio de la Comisión o de la citada Beneficencia sin que la Academia tenga derecho a pedir indemnización de ningún género.

- 6º Que el proyecto del nuevo edificio será presentado al examen de esta Comisión antes de sufrir trámite alguno.

- 7º Que todos los gastos que esta cesión origine por otorgamiento de la correspondiente escritura y por cualquier otro concepto serán de cuenta de la expresada Academia de Bellas Artes

- Me complazco en transmitirlo a V. como acuerdo de esta Comisión para su conocimiento y el de la Academia de su digna Presidencia”.

Segundo pode apreciarse, as condicións expostas eran xustas e adecuadas á xenerosa concesión efectuada. Con todo, aínda a Academia conseguiu da Comisión Mixta do Balneario que modificase a condición 4.ª no sentido de que no edificio do museo poderá a Academia:

“establecer clases y celebrar sus reuniones, concursos, conferencias, exposiciones y otros actos de carácter puramente científíco y artístico, con prohibición absoluta de que en ellos se traten asuntos políticos o religiosos”. Con data 15 de maio de 1903 a Academia acepta esta condición á vez que anuncia á Comisión que procede a confeccionar o proxecto.

A este feliz resultado seguiron fondas preocupacións para a Academia, tales, segundo se reflicte en sucesivas cartas e escritos oficiais, como o logro de recursos económicos para gastos de escritura, rexistro da propiedade e pechamento con valo do soar e, especialmente, os de redacción e estudo do proxecto. Así se solicitaron axudas da Deputación, pero o estado económico da provincia non era propicio á súa concesión. Con todo e como mostra do interese que a Academia suscitara nos distintos centros oficiais e moi particularmente na Deputación, apuntaremos o escrito que, o 31 de outubro, poucos días despois da concesión do soar, o que demostra a dilixencia da Academia en achar solución, o presidente da Deputación, Don Alejandro Cadarso, dirixe á Academia:

“La Diputación Provincial enterada de la excitación que esa Academia se sirvió hacerle para que consignase en sus presupuestos la cantidad que juzgue necesaria a fin de auxiliar la creación en esta capital, en unión del Ayuntamiento de la misma, de un museo de pintura, escultura, grabado, dibujo, arquitectura y arqueología, y considerando de gran utilidad e importancia el establecimiento del museo indicado, acordó en 29 del corriente contestar a la Corporación de su digna presidencia que tendrá suma complacencia en contribuir a la realización del pensamiento; pero precisando saber la cuantía del auxilio que se precisa para tan plausible objeto, ruega a la Academia se sirva indicarselo a fin de proceder el Cuerpo provincial en vista de las manifestaciones de la misma a señalar el importe de dicho auxilio, teniendo presente la escasez de sus recursos y el estado angustioso de la hacienda provincial”.

POR FIN A CREACIÓN DUN MUSEO PROVINCIAL

Proseguiron as xestións en procura de axudas económicas e así o mostran cartas de deputados do Congreso e personalidades en que recomendan o requirimento da Academia para a construción do Museo. A prensa local dedicaba atención preferente ao proxecto da creación do museo estimulando os distintos organismos para que o apoiasen, o cal facía popular a xestión emprendida pola Academia.

Por fin se puido chegar á confección do proxecto do museo, o cal foi precedido da redacción dun “Informe sobre las condiciones generales que debe reunir este edificio”, informe que foi redactado como definitivo o 30 de abril de 1903 subscrito polos académicos Pedro R. Mariño, Román Navarro, Isidoro Brocos e Antonio de Mesa.

Polo seu interese ilustrativo sobre o criterio museístico imposto naquela época, cremos que pode ser útil transcribir aquí o devandito informe:

“la Comisión nombrada para redactar un programa de distribución de un Museo provincial de Bellas Artes, después de recopilar los datos necesarios para mejor llenar su cometido, cumple hoy el deber que se había impuesto y somete a la sanción de la Academia el resultado de su estudio, sintetizado en el siguiente programa.

El edificio Museo provincial de bellas Artes para La Coruña, deberá distribuirse en:

Gran salón de exposiciones
Salón para pintura
Salón para escultura y arqueología.
Salón para arquitectura, dibujo y acuarela.
Biblioteca.

Dirección, secretaría y archivo.

Talleres.

Retretes y lavabos para el público y empleados.

Portería.

Depósito de efectos

Los talleres y depósitos de efectos podrán disponerse en una de las cru-
jías del sótano, el resto en una sola planta cuya decoración será uniforme o
romperá según convenga o no acusar el gran salón de exposiciones como más
principal. El edificio, que será aislado, constará pues de una planta de sótanos,
en parte utilizable y cuyo objeto principal es aislarlo de las humedades y servir
de basamento general, y de una planta baja en la forma ya definida. La altura
del sótano se salvará al exterior con gran escalinata. Los materiales principales
que entren en la construcción serán fábrica de sillería, ladrillo, azulejos, vidrios,
hierros y cemento. El área que aproximadamente se precisa para la edificación
es de 1.400 metros cuadrados. Para llegar a las conclusiones expuestas, la co-
misión ha tenido a la vista los proyectos de museos tan importantes como el
de pinturas de Madrid, Marsella y los croquis de Arquitectura Intime Club; ha
hecho el recuento de los cuadros que actualmente posee la Academia y con
estas bases y un cálculo prudencial de las futuras adquisiciones y concurrencia
probable de expositores, deducidos de las estadísticas de exposiciones análogas
a las que aquí pueden celebrarse, ha razonado este programa pudiendo antici-
par que según cálculo prudencial, el edificio en las condiciones expuestas costará
de 95.000 a 100.000 duros, sin incluir el solar que se supone explanado”

O proxecto foille encargado ao arquitecto Don Leoncio Bescansa, quen o 6 de
novembro de 1904 o envía desde Barcelona xunto cunha moi coidada memoria. Se-
guidamente, o presidente da Academia envíalle ao ministro de Instrucción Pública y

Bellas Artes, cunha razoada solicitude, o proxecto e memoria de edificio para Museo
de Belas Artes da Coruña. Nela, entre outras razóns expostas, di “En una palabra Ex-
celentísimo Sr., para que los objetos de arte que posee esta Academia así como en los
que en lo sucesivo espera obtener, puedan ser debidamente instalados y conservados
sirviendo de objeto de estudio a los alumnos de la Escuela de Artes e Industrias y a
los muchos obreros y artistas que en esta región hay con grande aptitudes, se hace
imprescindible la construcción de un Museo, siquiera este sea tan modesto como el del
adjunto proyecto, cuyo presupuesto no llega a 20.000 duros”.

As dificultades administrativas con que tropezou o proxecto para ser subvenciona-
do en parte polo Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, suscitaron un prolixo
cruzamento de cartas e escritos entre ilustres personalidades: Marqués de Figueroa,
Don Eduardo de Torres Taboada, Dona Emilia Pardo Bazán, Don Juan Fernández La-
torre, Marqués de San Martín de Hombreiro e o Ministro de Instrucción pública Don
Andrés Mellado, Don Eduardo Gasset, subsecretario de gobernación e outros altos
cargos, sempre incidindo sobre a ansiada consignación orzamentaria solicitada para
a obra do museo.

Mediado o ano seguinte, 1906, aínda non se logrou a apetecida solución económi-
ca, pois o 24 de xullo o presidente da Academia, Marqués de San Martín, escribelle
a Don Juan Fernández Latorre, académico vogal daquela e, á vez que o felicita por
ser nomeado director general de obras públicas, faille unha petición de axuda nos
termos seguintes:

“Espera esta corporación que V.I. no le negara el apoyo de su valiosa in-
fluencia personal y la inherente al elevado cargo que ocupará para que llegue
el día en que esta Academia pueda ver realizadas sus justas aspiraciones y
vehementes deseos de tener un edificio destinado a Museo, donde, a la vez
que se guardan y conservan convenientemente clasificados los muchos objetos
artísticos y arqueológicos que posee y los que en lo sucesivo espera adquirir,

puedan estos servir de estudio y motivo de inspiración a la numerosa juventud que, con notables disposiciones, se dedica en esta región al cultivo de las Bellas Artes y que con carencia de recursos no pueden trasladarse a otras poblaciones donde se encontrarían los elementos de estudio que hoy por hoy aquí les falta. El Museo en esta población no solamente beneficiaría a la juventud que se dedica a las Bellas Artes sino también, y muy especialmente, a un sinnúmero de obreros de diversas clases que con su actividad y disposición naturales hacen que la industria y las artes prosperen en nuestra patria, dejándonos entrever el día en que no seamos tributarios del extranjero en producciones de la industria artística. Por estas razones y otras que no se ocultan a la ilustración de V.I., y teniendo en cuenta su acendrado cariño a esta región, la Academia espera, como deja dicho, que V.I. apoyará sus pretensiones de tener en esta población un edificio destinado a Museo”.

As xestións realizadas en Madrid polo Sr. Fernández Latorre reflíctense en varias cartas recibidas polo presidente da Academia, unhas veces con noticias optimistas e outras con relato de dificultades e promesas de novas xestións. E así transcorreron meses e máis meses sen que as continuadas xestións achegasen solución, e diso dá fe a carta que o presidente da Academia, Marqués de San Martín, dirixe a Don Gumer-sindo Pardo Reguera o 15 de xuño de 1908 e que literalmente di:

“Mi querido amigo: La instancia que elevó la Academia al Ministro de Instrucción Pública solicitando una subvención para construcción del Museo acompañada del presupuesto y proyecto de la obra, se remitió por conducto de Don Eduardo Torres en noviembre de 1904. Este Sr. con fecha del mismo mes y año participa haberla entregado al Ministro. El mismo Sr. Torres el 1º de diciembre del citado año me remitió carta del Ministro diciendo que no podía concederse la subvención por estar confeccionados los presupuestos y no existir

en ellos ninguna partida para esa clase de edificios. Más tarde, cuando Fernan-dez Lartorre estaba de Subsecretario de Gobernación, volvimos a insistir en el asunto y con fecha de 4 de diciembre de 1905 me decía que la instancia estaba efectivamente en el Ministerio, pero que nadie se había ocupado de que se emitiesen en ella los informes necesarios; y que en su vista se ocupaba de que se diesen todos los trámites. Por último me avisó de que se había dado orden a la Junta de Construcciones Civiles para que emitiesen su parecer facultativo. Como al poco tiempo cambió el Ministerio, no volvimos a insistir en el asunto. Creo que con estos datos será fácil encontrar el expediente de lo contrario renovaríamos la instancia. Considero conveniente escribir sobre el mismo tema a los Diputados D. Pedro de Miranda Cacer, D. Antonio del Moral Sanjurjo, D. Jose Lombardero y D. Eduardo Gasset y a cualquier otro que V. se le ocurra. De los senadores se puede escribir, si a V. le parece, a D. Manuel Linares Astray y a D. Ramón Blanco Rajoy. Respecto a las ofertas de objetos que me hace el Alcalde pueden sufragarse siempre que haya dinero para sufragar los gastos de origen”.

Como vemos neste escrito, o proxecto e solicitude de financiamento do edificio do Museo sufriron os afeitos vendavais burocráticos, administrativos e políticos propios da época, que ocasionaron unha dolorosa distancia do éxito afanosamente buscado e desexado. Tan só os organismos provinciais souberon responder na medida dos seus alcances económicos, e así, nun escrito da Deputación coruñesa do 15 de setembro de 1908, comunícaselle ao presidente da Academia o seguinte:

“La Diputación provincial en sesión de 23 de noviembre último, acordó conceder a esa Academia un auxilio de 8.000 pesetas que serán efectivas en cuatro plazos de 2.000 cada uno para las obras del edificio del Museo de Bellas Artes”.

A PREOCUPACIÓN POLA DOTACIÓN DUN EDIFICIO PARA MUSEO

Todas estas dificultades ocasionaron que quedase anulada a concesión do soar pola Comisión Mixta del Balneario de Riazor, ao deixar incumpridas as condicións esixidas e esgotados os prazos. E... de novo a loita da Academia pola obtención dun novo soar, proliferando xestións e acordos que teñen un amplo testemuño documental no arquivo académico. Así vemos como nunha carta do 4 de febreiro de 1909, o académico Don Gumersindo Pardo Reguera lle escribe ao presidente a carta seguinte:

"Mi distinguido amigo: Con esta remito a V. el reglamento de la Exposición Regional Gallega de Santiago (se refiere a la gran Exposición Regional Gallega celebrada en Santiago de Compostela el año 1909) y las circulares de propaganda del Comité Ejecutivo y de la Comisión nombrada por la Academia. Hice la copia del plano de las obras del puerto con la determinación del solar escogido para el Museo y se lo entregaré hoy al Sr. Linares Rivas".

Esta é a primeira noticia que o arquivo académico ofrece da nova xestión, a cal foi seguida doutras moitas que nos decatan da opción presentada para a adquisición dun soar na zona do porto. Conforme iso, o 29 de abril de 1909 o presidente da Academia, Don Jaime Ozores, Marqués de San Martín, diríxese ao ministro de Fomento cun escrito no cal lle di:

"...en cumplimiento del acuerdo tomado por esta Corporación en sesión del 20 del corriente, tiene el honor de exponer a V. E. que: La Excma. Diputación de esta provincia, en vista del proyecto presentado por esta Academia para la construcción de un Museo de Bellas Artes y de lo necesario que es este edificio para colocar y conservar debidamente los muchos objetos de arte que la mencionada Academia posee, de modo que puedan servir de motivo de inspiración y consulta

a los muchos jóvenes que concurren a la Escuela de Artes e Industrias, acordó, en sesión de 23 de noviembre último subvencionar las obras del referido edificio; pero al tratar del emplazamiento de esto se vio la Academia que no hay solar alguno que reúna las condiciones debidas de amplitud y situación adecuada no siendo uno que existe en las Obras del Puerto, en el nuevo relleno, situado en frente a la Fábrica de Tabacos y comprendido entre la carretera que de dichas obras va a la Estación del ferrocarril y las edificaciones particulares que allí existen, conforme se detalla y precisa en el adjunto plano que acompaña a esta solicitud. Este terreno pertenece al Ministerio de su digno cargo y por lo tanto a V.E. rendidamente Suplica se digne autorizar a esta Academia para construir el Museo de Bellas Artes en el terreno o solar que se indica en el adjunto plano..."

O expediente pasou a diversos trámites: Dirección General de Obras Públicas. Dirección General de Navegación y Pesca Marítima, etc. De novo cartas con xestións, recomendacións, rogos e noticias da boa acollida por parte do ministro. Nunha carta que este, entón Don Rafael Gasset, dirixe ao presidente da Academia o 10 de novembro de 1909, di:

"El expediente se remitió en 26 de octubre último a informe de la Dirección General de Navegación y Pesca Marítima, y cuando vuelva a este Ministerio, no olvidaré sus deseos y procuraré complacerles, si es posible".

Con todo, unha nova decepción debeuna ocasionar a carta do Sr. Fernández Latorre, dirixida ao presidente da Academia o 2 de decembro, na que manifesta:

"Según me dice el General Luanco en la nota que acompaña la adjunta carta de la Dirección de Navegación, han devuelto a Fomento el expediente del edificio para Museo, diciendo que no le corresponde emitir informe. Ahora veremos en Obras Públicas lo que hay y procuraremos activarlo".

PRIMEIROS PASOS DO MUSEO NO EDIFICIO DO ANTIGO MOSTEIRO DE SAN AGOSTIÑO AO REAL CONSULADO

E de novo en xestións para contrarrestar informes pouco favorables ou recomendacións para alcanzar a ansiada decisión, proseguindo todo iso ao longo do ano 1910 e primeiros meses de 1911, sen que desistise o empeño da Academia e sen que noticias adversas motivasen nela desánimo. Tan adversas como as contidas no escrito do 18 de abril de 1911, enviado pola *Sección de Obras Públicas-Puertos*, do *Ministerio de Fomento*, que di:

“Visto el expediente instruido a instancia del Presidente de la Academia provincial de Bellas Artes de esa Capital en solicitud de autorización para ocupar terrenos en la zona del puerto para emplazamiento de un edificio con destino a Museo de Bellas Artes. Resultando que el expediente no se ha tramitado en forma reglamentaria. Esta Dirección General ha acordado devolvérselo a V.S. para que se tramite en la forma prevenida en el artículo 9º de la vigente Instrucción”.

Sorprende que, despois de tanto tempo e de tanta xestión e trámite, se retrotrae todo ao momento inicial. Nada ha de estrañar, pois, que a Academia abandonase o intento.

Nada se atopa no arquivo académico ata o 5 de novembro de 1912, en que se recibe unha comunicación do *Consejo Provincial de Fomento de La Coruña* na que se pon ao dispor da Academia “la habitación que hoy está libre en el primer piso de la Casa-Consulado y orientada por el lado Oeste a la calle del Corralón”.

E xa non se teñen máis noticias respecto diso ata o 14 de novembro de 1918, en que, nun escrito que o presidente da Academia, Marqués de San Martín, dirixe ao alcalde do Concello da Coruña, dise o seguinte:

“Que los Museos de Bellas Artes y Arqueológico que desde hace tiempo viene formando esta Corporación, están instalados en condiciones tan malas, que no es posible que puedan cumplir debidamente con los fines culturales para que son creados. El de Bellas Artes se custodia en una sala del edificio llamado Consulado, que si en un principio reunía las condiciones de capacidad necesaria, en la actualidad es insuficiente no sólo para exponer todos los objetos que a costa de grandes trabajos y sacrificios se han adquirido, sino también para poder reunir todos los cuadros que por las disposiciones vigentes deben formar parte de este Museo y que por falta de local son custodiados por otras entidades. Respecto al Museo Arqueológico, instalado en uno de los patios de la Escuela de Artes e Industrias, tampoco puede estar en peores condiciones por lo reducido que resulta aquel espacio para los muchos objetos que se ha logrado reunir y por el deterioro grande que sufren por estar al descubierto el mencionado patio. Por todo lo expuesto esta Academia, que tengo el honor de presidir, suplica a V.I. y al Excmo. Ayuntamiento de su acertada presidencia, se digne contribuir al fomento de tan educadora institución, proporcionando locales adecuados para las instalaciones de los Museos de Bellas Artes y de Arqueología, con lo cual dará una nueva prueba de su celo por el progreso de este pueblo y de sus desvelos por la cultura”.

E chegamos ao ano 1921, no que de novo achamos entre a documentación noticias referentes ao museo, as cales son plenamente reveladoras de sucesivas esperanzas, decepcións e intentos no logro do propósito. Aquelas xestións encamiñadas cara á adquisición dun edificio, centráronse en principio na antiga casa do Conde de Maceda, que, pola súa beleza e carácter arquitectónico parecía indicada, pero foi preciso renunciar a ela porque resultaba carente da capacidade precisa. As xestións orientáronse entón a procurar a cesión do edificio en que estivera instalado ata 1917 o Concello, o antigo convento de Santo Agostiño. O ano 1921 culminaron as xestións coa Real Orden do 6 de agosto, confirmada polas do 6 de xuño de 1922 e 21 de decembro

de 1925, que destinaban o edificio do ex-convento de Santo Agostiño da Coruña, propiedade do Estado, para que nel se instalasen o Museo de Belas Artes e a Biblioteca da Real Academia Provincial. Pero o edificio non lle foi entregado á Corporación ata o 23 de xullo de 1927, debido a que ata esa data estivo ocupado polas forzas da Garda Civil, que esperaban a conclusión do novo cuartel. O 12 de agosto de 1927, o presidente da Academia expedía un telegrama dirixido ao Sr. Moral, subsecretario de Hacienda, co texto seguinte:

“Academia de Bellas Artes profunda y sinceramente agradecida envía muy expresivas gracias por haber conseguido cesión exconvento San Agustín para Museo quedando reconocidísimos a tu interés y eficaces gestiones”.

Como vemos, unha nova esperanza renacía na Academia ao dispoñer do edificio ex-conventual e ex-consistorial. E cando isto parecía logrado e xa estaba a punto a Academia de realizar as obras precisas para o acondicionamento do Museo, unha vez máis os fados, que parecían compracerse en facer naufragar todas as aspiracións da Corporación, impiden o logro do referido edificio para museo, pois, anticipándose á toma de posesión pola Real Academia daquel, o Concello da Coruña acordou realizar un plan de urbanización que implicaba a expropiación daquela leira, a cal foi declarada “ruinosa e insalubre”.

Con máis claridade e concisión que canto expoñen os moitos escritos de repulsa existentes no arquivo, dá conta da lamentable situación un editorial publicado na primeira páxina do diario “La Voz de Galicia” do 4 de novembro de 1927, titulado “Intereses de La Coruña” e subtitulado “El Museo provincial de Bellas Artes y ex-convento de San Agustín”. Di así:

“El Ministro de Instrucción Pública se ha dirigido a la Diputación Provincial de La Coruña, trasladándole una Real Orden del de Hacienda, referente al

edificio destinado a Museo provincial de Bellas Artes. En la aludida disposición se recuerda que el Estado cedió a la Real Academia de Bellas Artes de La Coruña, para instalar su Museo, el ex-convento de San Agustín, antigua Casa Consistorial. Se expone que el Ayuntamiento ha comunicado al Ministerio de Hacienda su acuerdo de realizar la apertura de una calle, prolongación de la de San Andrés, y de reformar la Plaza de Abastos, lo que haría necesaria la expropiación del mencionado edificio”.

Prosigue el artículo informando sobre las Reales Órdenes transmitidas por los Ministerios de Hacienda y de Instrucción Pública y expone la situación planteada del siguiente modo:

“El Ayuntamiento, al proponer la expropiación del inmueble, se crea un deber; el Estado, al retirar la cesión de un edificio, si consiente su demolición está moralmente obligado a facilitar el logro de un sustituto, ya la Diputación, estimulada por la Orden Ministerial, ha de poner de su parte cuanto sea preciso para atender el requerimiento. La realidad evidente es que no puede dejarse a La Coruña sin posibilidad de instalar un Museo provincial, que será interesantísimo exponente de cultura y centro de atracción para indígenas y turistas. Por eso, no cabe dudar de que la Diputación y el Ayuntamiento, de acuerdo, y contando con la buena disposición del Gobierno, dará ahora el empuje definitivo a un proyecto que, a punto de realizarse, no puede quedar truncado”

A ansia de obter o museo para a cidade era xa sentida por todo o pobo e diso non deixa de facerse eco a prensa diaria. Pero son outros escritos os que nos ilustran sobre a preocupación creada. Nunha Memoria “explicativa de la sucesión de hechos y disposiciones relacionadas con el Archivo Histórico de Galicia y Museo Provincial de Bellas Artes de La Coruña” subscrita polo grande arquitecto e entón presidente

da Real Academia, Don Rafael González Villar, datada o 30 de agosto 1930, despois de amplas consideracións sobre o Arquivo do Reino de Galicia e necesidade da súa adecuada instalación, di:

“La Real Academia Provincial de Bellas Artes viene preocupándose desde hace más de treinta años de la necesidad de levantar en La Coruña un edificio donde recoger e instalar debidamente, no solo las valiosas obras de arte antiguo y moderno que la Corporación posee, si no otras muchas propiedad de diversas entidades y de particulares que le han ofrecido cederlas en depósito”.

Segue describindo toda a sucesión de feitos e disposicións que malograron os denotados esforzos da Academia engadindo: *“los únicos perjudicados han sido los intereses espirituales representados por la Real Academia Provincial de Bellas Artes de La Coruña, que se ve privada, casi en el mismo momento, de tomar posesión de él, del edificio que el Ministerio de Hacienda le había concedido para establecer su museo”.*

Refírese logo á solicitude que a Academia tiña presentada no Concello para que lle sexa doado un soar en atención á expropiación e derriba que aquel facía do edificio que lle era concedido polo Estado. Conclúe a súa Memoria co parágrafo que por ilustrativo transcribimos:

“Como resultado de la reunión de entidades, en la que se manifestó el deseo vivísimo de que el Archivo de Galicia no salga de La Coruña y de que se construya urgentemente el edificio que albergue aquel Centro y el Museo Provincial de Bellas Artes, se celebró inmediatamente el 26 de julio, una junta a la que asistieron el Presidente de la Comisión de Obras, Don Tomas Salvadores, en representación del Alcalde y como tal Ponente; el Academico Don Fernando Alvarez de Sotomayor; el Arquitecto Municipal, Don Pedro R. Mariño, el Presidente de la Real Academia de Bellas Artes, Don Rafael Gonzalez Villar,

y el Secretario de la Real Academia Gallega, Don Fernando Martínez Morás. Fueron examinados los planos presentados ya en el Ayuntamiento por el autor del proyecto y los de la zona a que éste afecta, y se convino en lo adecuado del emplazamiento del edificio en el solar del exconvento de San Agustín”.

UN PROXECTO PARA NOVO MUSEO DO ARQUITECTO E ACADÉMICO GONZÁLEZ DEL VILLAR

Múltiples gestiones se pusieron nuevamente en acción para la consecución del edificio, logrando se sumarán a tan justificado propósito ilustres personalidades y muy eficientemente la prensa y toda opinión pública. De ello da testimonio la publicación en los diarios coruñeses y de una manera muy destacada en el “Libro de oro de la provincia de La Coruña”, editado en aquel año 1930, de una reprodución del alzado del edificio proyectado para *Museo Provincial de Bellas Artes y Archivo Histórico de Galicia*. Bajo el título dice: Múltiples xestións puxéronse novamente en acción para a consecución do edificio, logrando sumaranse a tan xustificado propósito ilustres personalidades e moi eficientemente a prensa e toda opinión pública. Diso dá testemuño a publicación nos diarios coruñeses e dunha maneira moi destacada no *“Libro de oro de la provincia de La Coruña”*, editado naquel ano 1930, dunha reprodución do alzado do edificio proxectado para Museo Provincial de Belas Artes e Arquivo Histórico de Galicia. Baixo o título di:

“Desaparecido por exigencias urbanas el antiguo convento de San Agustín que con la Iglesia de San Jorge cerraba el ángulo N.O. de la Plaza del Marqués de San Martín, la Real Academia Provincial de Bellas Artes con el derecho que le concede el haber sido desposeída de ese edificio a ella concedido por el Estado para Museo, propuso un plan de urbanización de esa zona de la ciudad

del cual sus líneas generales son las impuestas por las necesidades del tráfico, y su asunto -motivo básico- la constitución, en el emplazamiento que ya tenía, el Museo Arqueológico y de Bellas Artes. El proyecto, es original del destacado arquitecto Don Rafael Gonzalez Villar, Presidente de la Real Academia provincial de Bellas Artes, aprobado y hecho suyo por el Ayuntamiento, será una de las primeras y fundamentales mejoras que lograrán verse realizadas. A más de un problema de urbanización - descongestionar el tránsito intensificado por la proximidad del mercado y enlazar debidamente las diferencias de rasantes - otro de estética - cerrar la Plaza ocultando los desniveles y desorden constructivo de las calles posteriores- y otro espiritual y educativo- reunir, ordenados y en condiciones de exhibición y conservación, todas las obras de arte y fragmentos arqueológicos hoy depositados en la Academia con los que se encuentran diseminados en Centros Oficiales y entre particulares - vendrá esta mejora a rescatar - a rescatar decimos sin haberlo perdido todavía pero ante la amenaza de un traslado a otra ciudad por sus actuales malas condiciones de instalación- el Archivo Histórico de Galicia alojándolo también en este edificio en condiciones de seguridad y absoluta independencia”.

Tampouco se levou a cabo a construción do edificio proxectado por González Villar, o cal, segundo se pode apreciar no alzado reproducido, era un belo exemplar de estilo modernista no que tanto se distinguiu aquel notable arquitecto.

Por fin puido ver convertido en realidade o seu ansiado propósito de dotar a cidade dun museo a Real Academia, cando o 25 de xuño de 1937 foi destinado o edificio da “Casa Consulado” sito na rúa de Panadeiras para os fins propios de MUSEO E ACADEMIA DE BELAS ARTES. Neste nobre palacio neoclásico, coñecido polo seu antigo nome de “Real Consulado del Mar”, puideron ser instalados o museo e as oficinas da Academia, museo de cuxa sección arqueolóxica saíu o núcleo principal do Museo Arqueológico e Histórico de La Coruña no Castelo de San Antón, creado en 1960.

CAMBIOS E ACTIVIDADES, PERSISTENCIA NOS SEUS PRINCIPIOS NO SÉCULO XX E NA POSGUERRA

A misión da Real Academia de Belas Artes da Coruña está perfectamente disposta no seu regulamento actual, aprobado por Orde ministerial do 17 de decembro de 1942 (Boletín Oficial do Estado do 24 de decembre), que a faculta para exercer a súa finalidade de “fomentar y enaltecer las Bellas Artes en todas sus varias manifestaciones dentro de la provincia y aun de Galicia, por ser la única Academia de esta clase existente en la Región”.

Foron presidentes da Corporación Don Waldo Chicharro; Don Faustino Domínguez Coumes-Gay, Don Jaime Ozores de Prado, Marqués de San Martín de Hombreiro; Don José María Ozores de Prado; Don Rafael González Villar; Don Francisco Piñeiro Diago, Conde de Canillas; Don Ángel del Castillo López e Don Manuel Chamoso Lamas, que o é desde o 30 de novembro de 1961. Foron presidentes de honor os seguintes pintores: Don Alejandro Ferrant Fischermans e Don Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza.

A Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da Coruña, a semellanza das restantes Academias de Belas Artes de España, está composta por cinco seccións: Pintura e Gravado, Escultura, Arquitectura, Música e Amantes da arte, nas que se distribúen os vinte Académicos Numerarios que ata o presente a compoñen, na forma seguinte: seis pola sección de Pintura e Gravado, tres pola de Escultura, tres na de Arquitectura, tres na de Música e cinco pola de Amantes da Arte, ou sexa, estudosos, investigadores, tratadistas etc., sobre temas de arte.

Conta tamén con vinte académicos correspondentes. Pode, igualmente, concedérselles o nomeamento de académicos de honra a relevantes e consagradas personalidades artísticas ou destacados protectores das Belas Artes. No seu ámbito provincial ata o de agora, os académicos numerarios han de residir na provincia, condición que non conta para os correspondentes. No novo regulamento que se presentou á apro-

bación do Instituto de España, unha vez obtido xa o cambio de denominación que é o de *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora do Rosario*, o número de académicos numerarios ampliáse a vinte e cinco, cuxa residencia é obrigada en Galicia, en tanto os académicos correspondentes, que pasan a ser tamén vinte e cinco, poderán residir en calquera punto de España como ata o de agora. As sesións ordinarias académicas viñeron realizándose sempre mensualmente e as sesións extraordinarias de recepción de Académicos lévanse a cabo cun acusado ritual de solemnidade.

Ao longo da súa existencia, a Academia organizou toda clase de actos culturais e conmemorativos, relacionados coas Belas Artes. Destacan no seu haber grandes exposicións como a do pintor coruñés Germán Taibo, celebrada na Coruña durante os meses de xuño e xullo de 1947; a do pintor Francisco Llorens, celebrada igualmente na Coruña, durante os meses de xullo e agosto de 1948; a exposición “Cien años de Arte en Galicia” que organizou a Academia en 1949 con motivo dos actos de celebración do centenario da súa fundación e a exposición conmemorativa en 1945 do centenario da morte de Jenaro Pérez Villaamil e do centenario de Román Navarro García.

Entre outras actividades da Academia que constituíron brillantes efemérides de alcance cultural, cabe lembrar o ciclo de conferencias celebradas en 1904, que foi inaugurado cunha maxistral disertación da condesa Dona Emilia Pardo Bazán, que disertou sobre o suxestivo tema “Goya y la espontaneidad estética”, a quen o seguiron en xornadas sucesivas outras ilustres figuras como Don Manuel Murguía, que tratou sobre o tema “*Trovadores y los Cancioneros*”. En 1913 organizou a Academia unha exposición colectiva de Arte Galego na sala Witcomb, de Bos Aires.

En 1928 conmemorou a Academia o centenario da morte de Goya con outra serie de conferencias e unha exposición das súas aguafuertes. En 1936 organizou actos conmemorativos do terceiro centenario do imaxineiro galego fundador da escola castelá de escultura barroca, Gregorio Fernández, iniciados coa Maxistral intervención de Don Francisco de Cossio, director do Museo Nacional de Escultura de Valladolid. Outras varias actividades veu despregando a Academia, entre as que cabe lembrar

unha solemne sesión extraordinaria pública dedicada á figura e a obra do gran pintor e director do Museo del Prado, Don Fernando Álvarez de Sotomayor, falecido aquel ano de 1960.

A CREACIÓN DAS MEDALLAS MARCIAL DEL ADALID AO MÉRITO MUSICAL

Unha actividade académica de proxección exterior e didáctica veñen sendo as súas “*Visitas artísticas*” a monumentos e Museos da Rexión. Cabe engadir que unha das máis significativas atribucións que asignan á Academia os seus estatutos é a concesión da *Medalla de Marcial del Adalid* na súa categoría de ouro ou prata para premiar unha dedicación constante e eficaz ao cultivo da arte musical en calquera das súas distintas manifestacións. A entrega desta distinción faise en acto académico que reviste sempre a maior solemnidade.

Como órgano de difusión das súas actividades e dos valores históricos e artísticos de Galicia, a Academia publica desde 1969 a revista *ABRENTE*, de periodicidade anual.

É, pois, a *Real Academia de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, un organismo que serviu do mellor modo posible os intereses e valores culturais da provincia da Coruña e, moi especialmente, os da súa capital, confiando en diante e mercé ás novas atribucións que en breve lle serán conferidas como Real Academia Galega de Belas Artes, servir a toda Galicia ¹.

¹ Il'tmo. Sr. Por *Real Decreto de 31 de octubre de 1849 se funda la Real Academia de Bellas Artes de La Coruña*.

Por Orden de 7 de Decembro de 1942 queda aprobado o regulamento desta con nome de Real Academia Provincial de Bellas Artes de La Coruña.

No preámbulo da devandita Orde, sinálase que a Real Academia ten como finalidade fomentar e enaltecer as Belas Artes en todas as súas varias manifestacións dentro da provincia e aínda de Galicia, por ser a única academia nesta clase existente na rexión.

Baseándose nestes antecedentes, a Corporación tomou o acordo de cambiar a denominación pola de *Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario*, e o seu presidente formulou a solicitude oportuna.

Na súa virtude e a petición do presidente da Real Academia Provincial de Bellas Artes de La Coruña, logo do informe favorable do Instituto de España.

Este Ministerio ha dispuesto: Se autoriza el cambio de denominación de la Real Academia Provincial de Bellas Artes de La Coruña por la de Real Academia Gallega de Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario.

Lo digo a V.I. para su conocimiento y efectos.

Madrid, 31 de enero de 1984.- P.D. (Orden de 27 de marzo de 1982), el Subsecretario, José Torreblanca Prieto.


Ilmo. Sr. Subsecretario.

FORMAS NO ESPAZO, 2013

Jesús Núñez Fernández

Acrílico, anilinas e base transparente sobre táboa





**Felipe-Senén
López Gómez**

CARTEL DA 3.ª
EXPOSICIÓN DE ARTE
GALLEGO, 1923
Federico Ribas Montenegro
Guache sobre cartolina

A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES NO NOSO TEMPO, 1849-1985-2024

O artigo que segue trata, dalgún xeito, de lle dar continuidade ao escrito polo historiador da Arte e que foi presidente da Academia Galega de Belas Artes, Manuel Chamoso Lamas: *La Real Academia de Bellas Artes de N.ª S.ª el Rosario de La Coruña*, (pp 39-72). Especial: “*Presente y Futuro de La Coruña*”, tomo II, edic. *Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses* 1984. Páxinas aquelas que se refiren á Historia da Academia e ao seu papel desde a súa fundación no 1849 até o ano 1984. Poucos meses despois daquel artigo, o ilustre académico, o que dedicou toda a súa vida a estudar, documentar e protexer o patrimonio cultural, falecía na Coruña o 24 abril de 1985. Son momento os que seguen de rotundas mudas no proceso de transición democrática, na creación das autonomías con canto isto reporta na lexislación, nunha nova administración, entón a Academia busca o seu xeito de ser.

Institución con vida ininterrompida pola que pasaron non só ilustres personalidades en canto significan as artes, senón con forte incidencia na vida pública, como cabe lembrar:

Relación de presidentes da Academia desde 1850 até o 2024

Domingo Antonio Lóriga y Reguera, Xeral do Exército (9/VIII/1850 - 9/XI/1855); Ubaldo Chicharro García, avogado (9/VIII/1850 - 9/XI/1855); Faustino Domínguez Domínguez,

arquitecto (Presidente Accidental de 1865 a 1879) (Titular: 28/III/1879 - 5/I/1890); Faustino Domínguez Coumes-Gay, arquitecto, director da Escola de B. Artes (17/II/1890 - 17/VII/1900); Emilio Fernández Deus, director da Escola de B. Artes (1/X/1900 - 25/I/1901); Jaime Ozores de Prado (Marqués de San Martín de Ombreiro), Coronel de Artillería (17/VI/1901 - 2/V/1922); José María Ozores de Prado, xurista, polígrafo, presidente da Deputación da Coruña (5/VII/1922 - 15/II/1927); Rafael González Villar, arquitecto (28/IV/1927 - 11/III/1941); Francisco Piñeyro y Diago (Conde de Canillas), (30/V/1941 - 5/IX/1954); Ángel del Castillo López, historiador da arte (10/III/1955 - 14/III/1961); Manuel Chamoso Lamas, historiador da arte, (30/XI/1961 - 24/IV/1985); Carlos Martínez-Barbeito e Morás, polígrafo (25/VI/1985 - 19/III/1988); Julio Antonio Fernández Argüelles, pintor (15/IX/1988 - 8/IV/2002) María del Villar Mateo de Arenaza, (presidenta en funcións: 25/IV/2002 - 25/IV/2003)/ Mercedes Goicoa Fernández, pianista (25/IV/2003 - 29/XI/2014); Manuel Quintana Martelo, pintor (29/XI/2014-)

Presidentes de Honra

Don Eusebio da Guarda y González, don Fernando Álvarez de Sotomayor y Zaragoza, don Carlos Martínez-Barbeito y Morás e, a título póstumo, don Manuel Chamoso Lamas, dona María del Villar Mateo de Arenaza, dona María de las Mercedes Goicoa Fernández.

UNHA CORPORACIÓN QUE TRATA DE ADECUARSE ÁS NECESIDADES CULTURAIS DE CADA TEMPO

Se ben insistiremos aquí en aspectos que desde aqueles anos de creación da Academia, metade do século XIX, se foron actualizando respecto aos novos problemas: á maduración das ciencias da arqueoloxía, da museoloxía, da conservación e da restauración, as novas técnicas arquitectónicas, a rehabilitación e revitalización de monu-

mentos, á revolución que supoñen as novas tecnoloxías, tan incidentes na educación e na sensibilización... todo o que condiciona a necesaria actualización da composición da académica respecto ao repartimento de seccións, individualizando algunhas como Arquitectura que, até entón, estaba agrupada con Arqueoloxía e incorporando novas ciencias, como Museoloxía, a que agora pasará a formar a nova sección de Arqueoloxía e Museoloxía. Seccións compartidas que mesmo nacen coa idea asumida de ilas emancipando nese proceso de crecemento da Academia. Outra das novas seccións será Artes da Imaxe, por canto supoñen no proceso actual das novas tecnoloxías e a súa dimensión no proceso creador e nas artes; existe o debate entre seccións de pintura, fotografía con novos soportes artísticos, os *new media art*, como plasmas, dixital, electrónico, multimedia, interactivo... mesmo *performans*, *body art*, *land art*... Por outra banda, estando moi presentes no debate da Corporación - até entón moi sumida no tradicional patriarcado decimonónico-cuestións de igualdade de xénero e o papel interdisciplinar e interactivo do colectivo académico na súa sociedade. Estas cuestións preocupan a Academia, incesantes no feito de actualizarse, dunha posta en común, realizada desde diferentes ópticas, sensibilidades, saberes, políticas, etc. de transmitir as novas cuestións aos poderes públicos ¹ e de reclamar o seu orixinal papel de ser órgano consultivo das administracións nestes asuntos, como unha fórmula de contribución á madurez democrática.

¹ Terase en conta o artigo 46 da Constitución española, que di: “Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio”. Asumindo que o poder público máis inmediato son os concellos, seguido das deputacións, os autonómicos, os do Estado..., cos seus correspondentes departamentos, concellerías, consellerías... dedicados a Patrimonio Cultural.

AS ANSIAS LIBERAIS DA ILUSTRACIÓN E A DEGRADACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL ALENTAN AS ORIXES DA ACADEMIA

Volvendo ás orixes desta corporación académica, asumiremos aquel inicial contexto romántico: momentos nos que aínda sopran os ventos da revolución francesa e da súa francesada, a que tanto repercute na destrución e no espolio do Patrimonio Cultural Español e, de xeito moi singular, en toda Galicia. Algo que, na cidade da Coruña, polas súas características tanto xeoestratéxicas como económicas e sociais tal acontecer marcará un fito importante nunha urbe que é referente. Pois é núcleo de forte influencia política, administrativa, militar ou cultural, a que vive intensamente as tensións absolutistas e fundamentalmente as liberais, herdeiras do forte impacto que nesta idade portuaria, aberta ao mundo, tivo a Ilustración e de xeito moi singular o papel do *Real Consulado*, institución de carácter comercial creada en 29 de novembro de 1785. Entre esas tensións cabe subliñar que, en 17 de setembro de 1815, fracasa a tentativa do Movemento Constitucional e que leva ao patíbulo o liberal mariscal Juan Díaz Porlier, pese a ser laureado guerrilleiro na Guerra da Independencia. No 1823, o absolutismo apoiado polas forzas francesas comandadas polo Duque de Angulema, sitia a cidade, a cal é ademais bombardea para entrar nela, para no 1833 -momentos da rexente María Cristina e da influencia do seu secretario de Estado de Fomento, Javier de Burgos- retomarse cuestións xa tratadas na Constitución de 1912 e propondo un Estado descentralizado, procedéndose entón á reordenación administrativa do Reino de España, reducindo entón as sete provincias do Antigo Reino de Galicia ás catro actuais.

No ano 1840, trunfa o pronunciamento contra a rexencia de María Cristina; créase entón a Xunta Provisional de Galicia... e, como se dun símbolo de cambios se tratase, sen demasiados miramentos patrimoniais, nun novo plan de urbanismo e sentimento aberto, féndense co perímetro das antigas murallas que coutan a Cidade Vella e así a urbe amplíase ao inmediato barrio da Peixaría... O Patrimonio Cultural vese moi afectado entre tanta innovación. Por outra banda, os efectos da *Lei de desamorti-*

zación, proposta no 1836 polo ministro Mendizábal causará efectos devastadores no patrimonio cultural relixioso, no abandono e destrución de monumentos da igrexa, no espolio de arquivos, de obxectos litúrxicos, relicarios, retablos e imaxinería... Ante tal situación, búscanse solucións, remedios que poñan freo a tan alarmante panorama, polo que, axiña, tratan de aliviar a situación coa creación -a imitación dos franceses que sempre estaban na mira- das *Comisións de Monumentos* (Real orde do 27 de maio de 1837) e mesmo, por Decreto do 31 de outubro de 1849, ampliar ás provincias máis sobranceiras e incidentes do Reino *Academias de Belas Artes Provinciais*, corporacións que actuarían como delegadas da *Real Academia de San Fernando*, mesmo cun papel relevante no fomento das artes, na creación de museos, como na dirección e control nas *Comisións de Monumentos*, o que creou algún que outro problema entre os membros dunha e doutras corporacións.

1849, ACADEMIAS PROVINCIAIS DE BELAS ARTES NAS CIDADES MÁIS INCIDENTES DO REINO

Novas academias de belas artes provinciais que serán creadas baixo o estudo previo e a proposta da Academia de San Fernando, cada unha das cales con presidente nomeado polo Goberno e con académicos elixidos pola corporación, en número e clase prefixado tamén polo Goberno para cada Academia, atendendo ás circunstancias das respectivas poboacións, aclara o Decreto do 31 de outubro de 1849, que as cataloga de *primeira clase*, á que pertencen as de Madrid, Barcelona, Valencia, Valladolid e Sevilla, mentres que serían de *segunda clase* as de cidades tan influentes entón como Bilbao, Cádiz, A Coruña, Granada, Málaga, Oviedo, Palma de Mallorca, Santa Cruz de Tenerife e Zaragoza.

Anos aqueles románticos convulsos e de reformas, tendo en conta feitos como que, na minoría de Idade da Reina Isabel II, no ano 1846, cando esta contaba con

trece anos, acontecen por todo o territorio galego, especialmente no contorno de Compostela e da Coruña cruentas revoltas populares, motivadas polas determinacións do xeneral Narváez, presidente do Goberno, onde grupos de intelectuais e mesmo militares reclaman dereitos, liberdade e dignidade para unha Galicia que consideraban como colonia da Corte. Acontecementos cun triste final: algúns dos militares sublevados, entre eles o xeneral Solís, o comandante Víctor Velasco e dez oficiais, a modo de escarmento, serán fusilados e enterrados na parroquia de Paleo, Carral. O feito, “... non deas a esquecemento da inxuria o rudo encono...” que se canta no Himno de Galicia, quedou moi prendido na memoria do rexionalismo e na cidade da Coruña, a que, como capital militar tería un relevante papel naqueles feitos. No 1858, con ansia de congratularse, Isabel II visita a cidade da Coruña e inaugura as tan importantes obras do Ferrocarril.

Seguen longos anos de historia de vida da corporación académica ao servizo do patrimonio cultural, desde un inicio compartido e controlando as *comisións provinciais de monumentos*, preocupadas pola lamentable situación do patrimonio eclesiástico, tan definitorio en Galicia, entón en destrución e espolio, fundamentalmente pola devandita *Lei de desamortización*. Incentivan as academias a creación de *escolas de belas artes*, a profesionalización, escolas artesanais, que fomentarán, ademais, a creatividade, tomando nota da situación do patrimonio, o seu estudo, a catalogación, mesmo o coleccionismo como base de futuros museos.²

² Véxase a importante colección reunida polo político e masón, moi significado no movemento provincialista, Antonio Romero Ortiz (1822-1884)...

PRIMEIRAS PREOCUPACIÓNS: UNHA ESCOLA DE BELAS ARTES E UN MUSEO

Era aquela cidade da Coruña dos anos románticos de alma ilustrada e liberal, delegada do Goberno, base militar, unha cidade nun auxe motivado polas relacións comerciais con ultramar, pola fábrica de tabaco, de vidro, de vituallas para as embarcacións, polo negocio do cacao, da industria do chocolate..., núcleo onde a masonería tramou un importante papel económico e cultural. Eran momentos tamén de reformulacións urbanísticas, onde asomaban novos edificios promovidos por adiñeirados comerciantes, filántropos a un tempo, como no que respecta á creación e dotación de centros de educación e formación, entre eles a *Escola de Belas Artes* e a figura do mecenas Eusebio Da Guarda González (A Coruña 1824-1897), descendente dunha familia portuguesa, de Bragança, persoeiro preocupado polo desenvolvemento social da cidade en todas as ordes. Tanto así, que no claustro destas flamantes escolas, obra da Academia Provincial de Belas Artes da Coruña e da Comisión de Monumentos, almacenábanse e expoñíanse restos de interese arqueolóxico recollidos de monumentos en abandono desde a Desamortización, como o caso dos procedentes do mosteiro de Santa Catarina de Montefaro, en Mugar dos, dos antigos mosteiros coruñeses de Santo Domingo e de San Francisco... aras, estelas epígrafes... esculturas que mesmo servían de modelo “do natural” para as clases do alumnado, incluso algúns dos que se fixeron reproducións en escaiola. Os alumnos que naquel contexto tomaban nota. Pola relevancia futura, nunca deberemos esquecer que naquel ambiente recibe as súas primeiras clases o neno Pablo Ruiz Picasso, o que se forma nas disciplinas de arte, fillo do profesor malagueño José Ruiz seleccionado como profesor para tan singular escola, familia e que permanece na cidade desde 1891 a 1895, co triste acontecemento da morte da irmá pequena, Conchita, con 7 anos.

Faise patente a concorrencia á cidade de grandes creadores, especialmente arquitectos e urbanistas, pintores, escultores, músicos... profesorado para as clases. Faise patente entón a preocupación polas artes escénicas, cidade á que concorren

compañías, solicitadas polos teatros e por asociacións creadas, como o *Círculo de Artesáns*, Casino, Peña Taurina..., desde a música ao cine, pasando por unha importante actividade pioneira na fotografía; véxase o caso de Sellier... Velaí algo da singularidade dunha cidade moderna, referente, na que abunda o prestixio da nacente *Academia de Belas Artes*, a que, por Real decreto do 12 de xullo de 1916, recibirá o título de “Real”. Trátase dunha institución que fomenta comisións, padroados, para o control, para a xestión de museos, de escolas de arte, premios, concursos... e que atopa unha aliada imprescindible na Deputación Provincial, organismo que precisamente ten entre os seus fins velar polo patrimonio cultural da provincia. (RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, LUIS JAIME; RODRÍGUEZ MARTÍN-RETORTILLO, ROSA, M.^º: 2011)

Se ben nese orixe da Academia, na súa misión inseparable da creación dun museo provincial, a corporación enfrontouse a un eterno problema, o de reclamar e desfrutar dun espazo propio, o que sempre cedeu e deu prioridade para as coleccións e para a formación dun museo, un dos seus primordiais obxectivos. Confórmanse inicialmente os académicos cun pequeno espazo para as reunións que inicialmente eran nos espazos do convento exclaustado de San Agostiño, despois na Casa do Consulado e posteriormente no mesmo despacho do académico director do museo. Esta cuestión levou a que a correspondencia, os arquivos relativos á Academia pasasen dun lugar a outro ou que quedasen en casa dos mesmos presidentes ou secretarios, coa conseguinte dispersión e perda destes ao cabo dos anos.³ Foi un camiño histórico de experiencias e madurez para a Academia ao que hai que lle sumar a inevitable emancipación ou independencia das institucións que ela mesma non só creou, senón que foi tutelando, tal como a referida Escola de Belas Artes, o Museo de Belas Artes, o Museo Arqueolóxico, a Asociación de Artistas, o mesmo colectivo de Amigos dos

³ Aínda, na actualidade é fácil atopar no mercado de antigüidades, así como entre o coleccionismo, documentos relativos ás relacións da Academia, Museo, etc.

Museos de Galicia, nacido en 1975 arredor do Museo Arqueolóxico,⁴ etc. Crebacabezas documental, moi ignorado ou deturpado na historiografía referida ao tema e que na actualidade a Academia, na medida das súas posibilidades, trata de recompoñer con obxectividade.

Esta activa e prestixiosa academia da Coruña, mediado o século XX, tería moi en conta a igualdade e fendería moldes respecto á tradición patriarcal destas corporacións, mulleres creadoras, algo que na medida da madurez sociocultural foi e segue normalizando.

ESTUDOS BASE SOBRE AS ORIXES DA REAL ACADEMIA DE BELAS ARTES, A FIGURA DE CHAMOSO LAMAS

O devandito preámbulo histórico da Academia, bosquejado por Chamoso Lamas (1984), como xa dixemos e aquí ampliado con algúns aportes, serviu para un máis amplo e documentado estudo realizado polo profesor Antonio Meijide Pardo (1989) e posteriormente polo académico correspondente, o periodista Ángel Padín Panizo, quen, revisando e contrastando a documentación, especialmente as actas e retrincos de prensa, realizou unha máis ampla monografía sobre a historia da “*Real Academia Gallega de Bellas Artes (1850-2000)*” (2009), con achegas importantes respecto a súa actividade, como ao patrocinio do *Museo Provincial de Belas Artes*.

⁴ Asociación de Artistas impulsada por significados académicos como Seijo Rubio, LLorens ou Sotomayor, onde no seu regulamento adaptados e aprobados a 1 de xuño do 2002, no seu artigo 34 recolle á Academia G.de B.A. como herdeira en caso de disolución daquela. De igual xeito, a mesma idea establécese no artigo 35 do Regulamento de Amigos dos Museos de Galicia, aprobados o 21 de febreiro do 2003, tendo a Academia G. de B. A. representación permanente na directiva deste colectivo (artigo 21).

Referímonos agora, e insistimos abaixo naqueles anos posteriores á morte de Chamoso Lamas (1985) con tantas mudas no ambiente político. Seguindo o ano 2000, todo un fito para calquera Historia, ano clave no que conclúe a historia recollida por Ángel Padín, para seguir no que segue agora cunha sucinta análise de feitos relevantes, até este 2025, o da conmemoración do 175 aniversario da xa coñecida como *Academia Galega de Belas Artes*.

Son os anos finais de Manuel Chamoso Lamas (A Habana 1909-A Coruña 1985) -presidente da Real Academia Galega de Belas Artes desde o 30 de novembro de 1961 até o 24 de abril de 1985 -os da morte do ditador en 1975 e que desde entón supoñen moitas mudas no ambiente político denominado *transición democrática*, coa asunción transitoria da xefatura do Estado polo Consejo de Regencia, a proclamación nas Cortes do Rei Juan Carlos I, seguido do Goberno de Arias Navarro, aínda de vea franquista cos conseguintes desacordos e o posterior nomeamento, en xullo de 1976, de Adolfo Suárez como presidente do Goberno de España (1976-1981), con pasos máis decisivos de cara á democratización, á liberdade dos partidos políticos. Ábrese o ano 1977 coa derogación do franquismo, a conseguinte convocatoria de eleccións democráticas que serán celebradas o 15 de xuño de 1977 e nas que é proclamada a UCD, liderada por Adolfo Suárez. Séguense entón tramando camiños para a madurez na democracia coa creación do novo Estado das autonomías con canto implican de transferencias, especialmente no que nos incumbe aquí, o patrimonio cultural. Son anos nos que, de esguello nas propias corporación de orixe decimonónico, como as academias, se debate a súa nova función, momentos de profundas e constantes mudas no ámbito político e conseguintemente de transformación na Academia, nese seu preocupante sentido de ser na actualidade. As corporacións fundamentalmente reclaman a súa finalidade como órgano consultivo das administracións, así como o seu vello e permanente papel de compromiso coa salvagarda, estudo, conservación, difusión e potenciación do patrimonio cultural. Por todo isto, a corporación académica, de vagar, vai sometendo o seu regulamento a unha situación administrativa

cambiante, acolléndose ás transferencias e pasando de depender do *Ministerio de Educación e Cultura* ao correspondente da Xunta de Galicia. Naqueles momentos, o certo abandono por parte das administracións, a penuria económica contáxiase ao funcionamento e mesmo á seguridade do *Museo Provincial de Belas Artes da Coruña*, que segue estando baixo a titoría da Academia que o creara.

Insistimos ademais nos cambios facultados polas novas tecnoloxías no referido á creación artística, á mesma museoloxía en canto supón de expoñer, conservar, documentar... asuntos que a Academia foi asumindo e tratando de incorporar pese á penuria de medios.

No ano 1977, e dentro da reordenación do *Ministerio de Cultura* realizada por Pío Cabanillas, Chamoso Lamas foi nomeado *subdirector general del Patrimonio Artístico*, cargo do que renuncia ao cabo dun ano polo forte esforzo e inútil burocratización co que se enfrontaba o pragmatismo dun historiador fundamentalmente preocupado pola rehabilitación, estudo e pola revitalización de canto significaba o patrimonio cultural. Entre eses avatares, o historiador da arte prosegue na súa misión refuxiado como presidente na Academia e ao Museo de Belas Artes, entón, entre fortes penurias de espazo e persoal, institución que, seguindo a tradición inicial, estaba dirixida por un académico, entón polo pintor pontevedrés Luis Quintas Goyanes (1907-1987).

1976, A ACADEMIA E O LAMENTABLE ESTADO DO MUSEO NOS ANOS DA TRANSICIÓN DEMOCRÁTICA

Insistimos en que son anos centrados polas reformas en todas as ordes, onde canto significa coa cultura e mesmo o Patrimonio Cultural queda relegado. A nova *Constitución española* é sometida a referendo e aprobada o 6 de decembro de 1978. É un texto constitucional que no seu artigo 46 lles confire ás administracións a responsabilidade sobre o Patrimonio Cultural. A inicios do 1981, dimite Suárez, momento do

23 F, intento de golpe de Estado, para nas votacións seguir Leopoldo Calvo Sotelo e que desembocarán na creación das autonomías no 1981; seguido da primeira vitoria electoral dun partido de esquerdas, o (PSOE) nas eleccións xerais do 28 de outubro de 1982.

A Academia e o Museo, atentos ao acontecer, resisten polo voluntarismo dos membros académicos. A morte de Chamoso Lamas acontecida o 24 abril de 1985, deixa a Academia e moitos aspectos do museo orfos. Para máis inri, un 16 de setembro de 1985, desaparecen do museo dúas pequenas táboas de Rubens, “Psique” e “Dédalo e o Minotauro”, cadros que, a finais do século XIX, foron doados pola coruñesas familia Arévalo á Academia para o futuro museo, cotizadas obras de arte que, ao cabo do tempo, reaparecerían: unha en Suecia e outra en Estados Unidos. Sóbose que quen as roubou, un coruñés residente en Estocolmo, o fixo con fins comerciais. Xa a Academia advertira do precario estado do Museo, pois no 1979 frustrárase un intento de roubo que acendeu alarmas que non se tomaron. O novo feito serviu de chamada de atención do estado do museo e iniciáronse reunións, estudos, pensando incluso na ampliación, dotación de novos espazos, servizos e persoal. O Ministerio de Cultura, que entón dependida do Goberno do Partido Socialista, toma medidas no asunto, dótase a praza dun conservador para este centro e a Dirección Xeral de Museos que leva a compostelá Paloma Acuña, boa coñecedora da cuestión, toma e que toma medidas no asunto. O arqueólogo Félix de la Fuente Andrés será o novo director conservador que anima a cuestión dun futuro mellor para o centro. A desvinculación do museo cunha Academia -de 1985 a 1988 presidida polo polígrafo coruñés Carlos Martínez Barbeito, centrada na súa mesma reorganización- vaise facendo patente en todos os aspectos, así que, en convenio do Ministerio de Cultura co Concello da Coruña iniciáase a edificación dun novo centro no inmediato soar que ocupaba o convento das Capuchinas.

As mudas no ámbito político, e polo tanto no sociocultural, proseguen. O 1 de xaneiro de 1986, formalízase a entrada de España na *Comunidade Europea*. No-

vos cambios na lexislación nas leis e na organización do Patrimonio Cultural, *Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español*, e ao abeiro destas iranse tramando as diferentes leis autonómicas, entre elas a de Galicia, Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Estas leis consideran a Academia Galega como órgano consultivo das administracións, (*artigo 3.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, de patrimonio histórico español/ artigo 7.3 da Lei 5/2016, do 4 de maio*). A corporación académica terá representación en Comisións da Xunta de Galicia, xurados de deputacións, concellos, en peritaxes xudiciais, a solicitude doutras reais academias, etc.; importante e fundamental papel que estas institucións reclaman, ademais co sentido democrático, interdisciplinar que isto implica para importantes determinacións que afectan ao patrimonio cultural, como a descentralización, a organización e funcionamento de estruturas administrativas que tamén terán que ver con canto significaba o Patrimonio Artístico e Cultural e, polo tanto, no papel que, no seu día, puxo tanto desvelo Chamoso Lamas como comisario de Belas Artes en Galicia e así mesmo á dependencia, fins e actividade da *Real Academia Galega de Belas Artes*.

A *Dirección General de Bellas Artes* ten a misión de conservar, documentar, investigar e espallar o patrimonio, inicialmente dependente do *Ministerio de Educación y Ciencia*, posteriormente dividido para crear o *Ministerio de Cultura y Deporte*, coa conseguinte xestión que afecta ao Patrimonio Cultural e conseguintemente ás academias das que xa se tiñan emancipado as escolas de Belas Artes que elas crearan, a un tempo que neste inicial período democrático tamén se profesionalizan e independizan integralmente os museos que estas tamén crearan.

TRÁMITES PARA ACTUALIZAR O REGULAMENTO DA ACADEMIA, NOVOS ACADÉMICOS E PROPOSTAS

Dende entón, naqueles derradeiros anos de Chamoso, inícianse os trámites para cambiar os vellos estatutos, aprobados por *Orde Ministerial de 17 de decembro de 1942* e que a histórica corporación mudase tamén o nome de *Real Academia Provincial da Coruña*, como así fora creada por *Real Decreto no 1849*, correspondendo a unha cidade e a unha provincia emblemática por canto significaba a Coruña naqueles anos a todos os niveis político, administrativo e comercial. Así que a 31 de aneiro de 1984 (BOE 24 de marzo de 1984) pasará a denominarse *Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario*.

Abre o curso de 1985-86 sucedendo na presidencia a Manuel Chamoso Lamas o polígrafo coruñés Carlos Martínez Barbeito (1913- 1977), que ocupa o cargo do 25-VI-1985 ao 19-III-1988, cun programa que segue o proceso de dar función, visualizar e integrar a Academia na nova estrutura. Son momentos nos que se convocan novas prazas académicas e en que se nomea como numerarios a pianista Mercedes Goicoa, o arqueólogo Felipe-Senén López, o arquitecto J. Ramón Soraluze Blond, o pintor Tomas Barros e o escultor e restaurador de monumentos Sanmartín Abelleira... Pouco máis tarde, nomearíase académico numerario o crítico de arte Laureano Álvarez e posteriormente o arquitecto Tenreiro Brochón. Lamenta a Corporación o estado da biblioteca e propónse unir os fondos bibliográficos da Academia cos do Museo, mantendo diferentes siglados de catalogación. A un tempo, mantense un intenso diálogo co alcalde Francisco Vázquez e coa directora xeral de Museos, Paloma Acuña, co fin da ampliación do museo a un novo edificio nos espazos inmediatos das Capuchinas; quedarían os espazos que ocupaba o Museo no edificio do Real Consulado para a Academia. Mentres nestes espazos que tradicionalmente ocupa o Museo e a Academia se realizarían pequenas obras de mantemento. A proposta non cae en van e inícianse os trámites, mentres o Ministerio de Cultura acepta do Concello a doazón do antigo soar das Capuchinas

para un novo Museo, proxecto que se lle encarga ao arquitecto Manuel Gallego Jorreto, quen xa realizara, e con éxito, nos últimos anos de Chamoso Lamas, importantes obras de rehabilitación, como a Casa da Cultura de Chantada ou na Coruña o novo edificio para pequeno *Museo de Arte Sacro de Santa María do Campo*.

A actividade da Coruña amplíase: en novembro de 1986, entrégaselle a *Medalla de Ouro Marcial del Adalid* ao padre Fanego, fundador e director da *Coral da Empresa Nacional de Bazán*, acto no que a laudatio corre a cargo do académico Padre López Calo. A inicios de 1987, a Corporación solicítalle á *Consellería de Cultura da Xunta de Galicia*, para os seus fondos bibliográficos, a doazón dun facsímil da biblia hebrea Kennikott, a que será concedida; entréganselle medallas de prata Marcial del Adalid a coralistas do Coro Toxos e Frores; recíbese en doazón o retrato de Julio de Lago Stolt, obra do pintor L.Lorens... Son anos nos que se realizan varios concertos e se programa a exposición itinerante dedicada a Arthur Rubinstein, dado que tan célebre músico dera concertos nesta cidade, celébrase en Mugardos o centenario do nacemento do académico Bello Piñeiro, cun importante papel do académico Xosé Leyra Domínguez; agrupacións musicais acoden á Academia solicitando galardóns, así en xaneiro de 1988 en Compostela imponse a medalla Marcial del Adalid a coralistas de Cantigas e Agarimos. En maio de 1988, entrégaselle en Vigo a Medalla de Ouro Marcial del Adalid ao director da Coral Casablanca Francisco A. Rey Rivero. Insístese ante o Concello da Coruña na necesidade de conmemorar a partida do porto Coruñés da Gran Armada..., así como de celebrar en Compostela a conmemoración da colocación dos linteis do pórtico da Gloria por Mateo.... Son tamén anos nos que as actas da Academia reflicten a emancipación e recoñecen un distanciamento co museo, pese á insistencia “de estar condenados a vivir xuntos” e propón manter vencellos de solidariedade coa dirección do centro... (PADÍN PANIZO, 2009, P. 231). Nesta documentación, ademais, dáse conta, desde 1986, da integración desta histórica institución, como Academia Asociada do *Instituto de España de las Academia*, debido á súa antigüidade e notoria historia, con canto isto implica de relacións, participación en encontros, etc.

REACTÍVASE O INSTITUTO DE ESPAÑA DE LAS ACADEMIAS, COA INTENCIÓN DE COMPARTIR INQUEDANZAS...

Cómpre anotar que *Instituto de España de las Academias* naceu en plena Guerra Civil e co fin de repoñer a derogación do título de “Reales”. Decreto que propoñía “...la convocatoria de las Reales Academias de España cuyas tareas se encuentran desde hace tiempo interrumpidas y cuya realización es con impaciencia esperada en la España nacional». Así, no seu artigo 1.º dispón que “El 6 de enero de 1938 y en el paraninfo de la Universidad de Salamanca se reunirán nuestras Academias en sesión solemne». E no mesmo artigo, devólveselles a estas corporacións o título de “reales”; suprimido polo Goberno de Largo Caballero. A norma franquista articula as seis *Reales Academias* nunha nova institución que recibirá o nome de Instituto de España, que parece dar saída ao que sería na República o *Instituto Nacional de Cultura*, incluíndo as Academias establecidas entón, as de *primeira* e de *segunda*.

O arquitecto e polígrafo Fernando Chueca Goitia, demócrata de lei, amigo de Chamoso Lamas, coa aprobación da Constitución no 1978 será Presidente do Instituto, ademais como senador nas Cortes democráticas, conseguirá devolverlles ás academias aquel histórico padroado da Corona, que vén indicar certa independencia dos gobernos de cada momento⁵. Chueca, ademais, deseña o novo logo do Instituto, co que se substitúe o “Victor” franquista polo escudo actual: as iniciais baixo o signo da Coroa Real.

O *Instituto de España* irase consolidando como órgano de coordinación e cohesión entre as Academias, respectando a súa autonomía. En función da antigüidade e tradicións destas históricas corporacións, créanse ademais as seccións de *Academias asociadas* e *Academias adheridas*. Esta iniciativa, gratamente recibida polas acade-

⁵ Constitución española, artigo 62, apartado

mias provinciais, ten o fin de consultas e de sintonizar coa nova estrutura dos estados autonómicos. Deste xeito, o *Instituto de España* pretendía ser o lugar de encontro das diferentes reais academias, cada cal coa súa independencia.⁶

Sucede na presidencia desta Academia Galega de B. Artes a Carlos Martínez Barbeito, que permanecerá na Corporación como Presidente de Honra, o pintor Julio Antonio Fernández Argüelles (Astorga 1923-A Coruña 2002), XIII presidente na secuencia histórica da Academia, quen o foi do 15/IX/1988 ao 8/IV/2002. A preocupación é seguir co rumbo de actividades, a un tempo que se teñen reunións co fin de elaborar e normalizar a situación da Academia cun novo regulamento, acorde co novo panorama autonómico. Así que, por Orde ministerial do 2 de outubro de 1990, BOE do 6 de outubro de 1990, apróbanse os novos estatutos.

2000, PREOCUPACIÓN POLOS ESPAZOS E FUNCIÓNS DA ACADEMIA COMO “ÓRGANO CONSULTIVO” DAS ADMINISTRACIÓNS

O 8 de abril de 2002 falece repentinamente o presidente da Academia, Julio Fernández Argüelles, de forma transitoria e en funcións e como decana na corporación ocupa o cargo de presidenta a pintora coruñesa María del Villar Mateo de Arenaza (1919-2010), cargo que ocupará do 25/IV/2002 ao 25/IV/2003). Tras as eleccións, sucederaa a pianista María de las Mercedes Goicoa Fernández, que ocupará o cargo do 19/IV/2003 ao 25/X/2014. Continuarán ambas nese proceso de normalización da Academia aos novos tempos. María del Villar Mateo de Arenaza prosegue coas

⁶ RD 1160/2010, do 17 de setembro, polo que se regula o Instituto de España. O Real decreto 404/2020, do 25 de febreiro, establece que ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades lle corresponde a relación da Administración coas reais academias, as academias de ámbito nacional e co Instituto de España (IdeE).

cuestións que atinxen á ocupación por parte da Academia dos espazos que foron do Museo, así como a preocupación por regularizar a situación laboral do persoal e conveniará co Concello a cesión, en funcións de J. Raul López Naya.

Os cambios nos ámbitos administrativos e sociais van acelerados e nótanse deficiencias con respecto ao regulamento aprobado no 1990, entendendo a Academia a necesidade de estudalos e adecualos ás novas leis, aos notorios cambios nas diferentes administracións, estatais e autonómicas; así que a *Consellería de Cultura e Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia* (Decreto 141/2004, do 25 de xullo, DOG do 7 de xullo do 2004, aproba os novos estatutos elaborados conforme ás novas características administrativas, en que se lle transfire á Xunta de Galicia a Academia Galega de Belas Artes. Mais 14 anos despois deséxase actualizalos, o que se fai. Logo de finada Mercedes Goicoa, o novo presidente, elixido o 29 de novembro do 2014, o pintor compostelán Manuel Quintana Martelo, crea comisións de estudo do regulamento, prosegue e finaliza a actualización un novo regulamento, finalmente aprobados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Decreto 34/2028, do 1 de marzo, publicado no DOG do 22 de marzo de 2018).

DAS ACTIVIDADES PROPOÑER A TORRE DE HÉRCULES, ÁS MURALLAS ROMANAS DE LUGO... E AO FERROL DA ILUSTRACIÓN COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE

Na sesión plenaria da Academia do 31 de marzo e ao longo de 1990 -dentro das celebracións do bicentenario da reconstrución da Torre de Hércules (1790-1990) por Eustaquio Giannini, asumindo e poñendo en valor a importancia na Coruña no contexto dos anos da Ilustración- a Academia acorda iniciar estudos e os corresponden-

tes trámites ante o Concello e a Xunta de Galicia, a Delegación do Goberno, etc.⁷ para que se impliquen na declaración da Torre como Patrimonio da Humanidade, pola súa significación arqueolóxica, artística, literaria..., xunto coas Murallas de Lugo,⁸ singulares intervencións da romanidade nos confíns do mundo antigo. Estes asuntos durante moito tempo supuxeron variados trámites e intercambios coas diferentes administracións e tomarían diferente rumbo: Lugo toma e acelera camiño con independencia e a Torre de Hércules consegue entrar no Listado de Patrimonio da Humanidade na reunión celebrada en Sevilla o 27 de xuño de 2009. O Instituto de Estudios Torre de Hércules, iniciativa do doutor José Luis Vázquez Iglesias e de Segundo Pardo-Ciórroga e na que está representada a Academia polo seu presidente, prosegue con teimosía nas xestións que teñen altibaixos, até a reunión celebrada en Sevilla o 27 de xuño de 2009, cando era Ministro de Cultura o coruñés César Antonio Molina, que será a figura fundamental nesta consecución.

Cabe subliñar que -á vista de que a candidatura da Torre e pese á insistencia, non prosperaba e que a das murallas de Lugo pola contra, de xeito exemplar, invo-

⁷ A 2 de Xullo de 1998, o presidente da Academia J. Fernández Argüelles, envía a documentación ao Concello para que se implique na cuestión da inscrición da Torre de Hércules na Lista de Patrimonio da Humanidade, e mais a proposta que se acordará, de xeito serodio, en Pleno do Concello do 15 de abril do 2002. Ao respecto e desde 1990, a Academia reúne abundante documentación, proba de trámites, relacións cos medios, prensa..., escritos de Fraga, de representantes políticos etc. e involúcrase na cuestión iniciada pola Academia. *La Opinión*, 9 de marzo de 2002 "El Gobierno no presentó ante la Unesco la candidatura de la Torre" entre outros, *La Voz de Galicia*, 12 de marzo de 2002.

⁸ En *El Ideal Gallego* do domingo 3 de febreiro de 1991, o xornalista Rodríguez Maneiro adianta noticia desta proposta académica. Igualmente o mesmo diario o 20 de febreiro de 1991.

lucraba os diferentes poderes públicos e conseguían o seu fin no 2000- en Pleno da Academia do 16 de decembro do 2000, proponse abrir trámites para a declaración do Ferrol da Ilustración como Patrimonio da Humanidade, o que o Concello desta cidade aproba en plenario do 28 de decembro de 2000... Este asunto que iría quedando esquecido entre os diferentes departamentos públicos.

Entre algúns feitos transcendente durante a presidencia de Argüelles está que a Academia informa a Xunta de Galicia de que nos antigas dependencias da Delegación de Facenda da Coruña (pza. de Vigo), edificio entón en remodelación, está a simbólica escultura de *Filliña*, de Asorey e enténdese a necesidade de incorporala aos fondos do Museo ou da Academia, o que se conseguirá para pasar esa escultura, das últimas de Asorey, ao Museo de Belas Artes da Coruña. No mesmo espazo e situación, están os murais da autoría de José María Labra, relativos á Galicia Mariñeira e Labrega. A Deputación presidida entón por Augusto César Lendoiro toma nota para encargarse do delicado traballo de retirada do paramento destes dous murais e repoñelos no Pazo e Mariñán. A Academia expón a súa preocupación e busca vinculación con outras academias co fin de suprimir o imposto sobre patrimonio artístico que tanto afecta ao coleccionismo como a outras formas de protección da Arte. Entre moitas outras chamadas de atención sobre o patrimonio, a corporación académica insta ante os diferentes poderes públicos sobre o lamentable estado e riscos, ante os efectos da humidade que sofre o Pórtico da Gloria da Catedral compostelá. A Academia incorpórase con representación nas *Comisións Territoriais de Patrimonio da Coruña*, representada inicialmente polo seu presidente, Argüelles, ao tempo que reclama ante a Xunta de Galicia estar igualmente representada nas comisións territoriais das demais provincias. A Dirección Xeral de Cultura encarga informes relativos a propostas de declaración de BIC, como sobre cuestións polémicas que poden afectar ao Patrimonio Cultural.⁹ Outro dos logros que se conseguirá posteriormente será que a Academia teña representación no Plenario, máximo órgano de Goberno do *Consello da Cultura Galega*, organismo

oficial recollido no artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia, creado o 8 de xullo de 1983.⁹

No 1989, de xeito bienal, a Academia crea a súa *Medalla de Honor* dedicada para aquelas persoas ou entidades de carácter público que máis se dedicasen no cultivo, fomento, protección ou defensa do Patrimonio Cultural.

ARQUIVOS: O MUSICAL DE GALICIA, O DE CHAMOSO LAMAS.... O BOLETÍN ABRENTE, CURSOS DE DOUTORAMENTO

A partir de 1997, baixo a titoría da Deputación Provincial, retómanse as exposicións bienais do *Salón de Outono da Academia Galega*, con selección, exposición e premios e conséguense, ademais, para os fondos artísticos de ambas as entidades, as obras premiadas (1996, 1998, 2000, 2002, 2004, 2006, 2008).

No 1989, cando era presidenta a pianista e profesora do Conservatorio de Música Mercedes Goicoa, creouse o *Arquivo Musical de Galicia* coa finalidade recoller, clasificar, analizar, crear e espallar a música realizada en Galicia, dándolle relevo ao patrimonio folclórico e velando por que se teña en conta nos centros de formación musical, atendendo á música rubricada..., para todo o cal se crea un regulamento. Conséguese para este arquivo importante documentación que pertenceu ao arquitecto e músico coruñés Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón (1886-1973). No 1991 entréganse Medallas Marcial del Adalid a membros da Coral Follas Novas e Medalla de Honor á Fundación Barrié. No 1991, recíbese, por parte da familia de Manuel Chamoso Lamas,

⁹ O *Diario Oficial de Galicia* do 9 de outubro publica o *Decreto 93/2027, do 14 de setembro*, polo que regula a composición e funcionamento dos *consellos territoriais de patrimonio cultural de Galicia* e prescínlese agora da histórica representación da Academia nestes. Este asunto motivou as correspondentes denuncias e entrevistas, sen éxito.

o legado do seu arquivo persoal, documental, especialmente fotográfico e créase o “Arquivo Chamoso Lamas”.

En 1991, o 25 de xaneiro a Academia presidida por Julio Fernández Argüelless asina un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña, representada polo seu reitor José Luis Meilán Gil, de cara a organizar cursos de doutoramento que serán impartidos polos académicos doutores, cursos nos que o alumnado terá dereito ao correspondente complemento de créditos para os programas de Terceiro Ciclo da Universidade da Coruña. Nos cursos 1991-92: Arquitectura Románica en Galicia/ A arte e a arquitectura da orde do Císter na Idade Media/ Arquitectura e Renacemento en Galicia/... validados entre as universidades da Coruña, Vigo e Santiago.

En 1992, o 10 decembro, a Academia homenaxea no Teatro Rosalía de Castro da Coruña a *Coral polifónica* El Eco, no seu 110 aniversario e entrégalles a *Medalla Marcial del Adalid* a cinco coralistas.

No Ano Santo de 1993 créanse bolsas temporais para documentar e archivar o arquivo fotográfico de Chamoso Lamas, así como para o arquivo musical; noméase numerario o historiador da Arte Ramón Yzquierdo Perrín, así como o pintor Rafael Úbeda Piñeiro e correspondentes ao arqueólogo Felipe Arias Vilas e o pintor Jorge Castillo; entrégaselle a Medalla de Honor á Fundación Claudio San Martín da Caixa de Aforros de Galicia; en xullo impóñenselles dúas *Medallas Marcial del Adalid* a coristas de Follas Novas

No 1994 é elixido numerario o crítico de Arte, Francisco Pablos, así como Felipe Criado e Maximino Zumalave, posteriormente o pintor Xabier Pousa e o historiador Teodoro Sandomingo; momentos nos que se crean exposicións itinerantes sobre “*Chamoso Lamas no Obxectivo*”. Realízase a primeira en Lugo; entrégaselles a *Medalla de Honor* a Caixa Vigo e *Medallas Marcial del Adalid* a catro coralistas da Coral de Bergantiños.

En 1996 ingresa como numeraria a profesora e historiadora da Arte María Victoria Carballo Calero; séguenselles a entregar *Medallas Marcial del Adalid* a coristas *Orfeón Unión Orensana*, da *Polifónica de Betanzos*, á *Coral de Bergantiños* e a Follas

Novas; ano no que ademais ten lugar o *I Salón de Outono de Pintura* en colaboración coa Deputación e Caixa Galicia.

En 1997 proséguese coa publicación *Abrente*, atendendo á necesidade de indexela entre as publicacións de carácter científico; entrégase a Medalla de Honor á Deputación de Lugo; Martes das Artes: conferencias ou ciclos dedicadas a temas en relación co patrimonio cultural: música, arquitectura, pintura, escultura, arqueoloxía, museoloxía...

Retómase o Regulamento para conceder as *Medallas Marcial de Adalid*, reformado no 1970 (honorífica: ouro, prata, insignia) como estímulo á constancia musical non profesional e que de forma desinteresada e constancia veñen realizando persoas a nivel individual ou en corais... mantendo fondas tradicións galegas.

En 1999 entrégaselle a Medalla de Honor a Colmeiro; en 2000, Pontes de García Rodríguez, Medalla de Ouro, Marial del Adalid, Coral polifónica Eumesa.

2014: NACE A CELEBRACIÓN DO “DÍA DAS ARTES GALEGAS”: 1 DE ABRIL. A VISIBILIZACIÓN DA ACADEMIA

No 2014 é elixido presidente da Academia o pintor compostelán Manuel Quintana Martelo, que retoma un programa intenso, tanto de cara a regularizar a situación interna da Academia como a que atinxe á precaria situación do persoal axunto á secretaría, Diego Álvarez Silva e Lucía Patiño Ponte, así como á organización de fondos e arquivos que presupoñen a consecución de amplitude de novos espazos... e, sobre todo incrementar a actividade de cara a visualizar a historia e o papel da Academia, reclamando a súa finalidade como órgano consultivo das administracións. Este programa presupón elaborar propostas e conveniar coas diferentes administracións. Entre as consecucións deste momento está buscar representatividade, resaltar vellas propostas, como a creación do Día das Artes Galegas, para a que se propón a data

do 1 de abril, en lembranza daquelas “calendas” nas que o Mestre Mateo asentou os linteis do Pórtico da Gloria, con canto esta obra e feito significan para todas as Artes. E velaí as figuras nominadas:

2015: Mestre Mateo/2016: Alfonso Daniel Rodríguez Castelao/2017: Maruxa Mallo/2018: Alejandro de la Sota/2019: Luís Seoane /2020 e 2021 (pandemia da Covid): Domingo de Andrade/ 2022: Laxeiro/2023: Martín Códax/ 2024: Francisco Asorey/ 2025: Isaac Díaz Pardo

Este día presupón varias actividades, como a elaboración dun cartel conmemorativo e un libro divulgativo, entre outras propostas de diferente índole sobre o ou a homenaxeada, así como os correspondentes actos protocolarios, ciclos, conferencias e mesmo exposicións, como a que no 2016 levou a obra de Mateo ao Museo do Prado, no Pazo de Xelmírez de Santiago (2017); así como, no 2022 a exposición “Foi un home, Laxeiro”: (Buenos Aires, 1950-1970)” en colaboración coa Fundación Cidade da Cultura, Xunta de Galicia, o Concello de Lalín, a Fundación Laxeiro e a Academia de San Fernando. Outra das exposicións, neste caso no 2023 e itinerante foi a dedicada a “Martín Códax”. Día das Artes Galegas 2023, así como a de “Martín Códax e Eduardo Rodríguez-Losada. Dous precursores da Música Galega”

A respecto a Academia, creou itinerarios como os dedicados a Alejandro de la Sota e ao movemento Moderno na Provincia de Pontevedra, ou como o de Laxeiro por Lalín, Pontevedra e Vigo, publicado en setembro de 2024 pola Deputación de Pontevedra.

No 2020-21 outra das exposicións itinerantes, conveniada coa Xunta de Galicia foi *Facer Camiño* con 23 pezas, pinturas, esculturas e fotografías de creadores académicos/as. Asociación da Arte co Camiño de Santiago e que percorre concellos asociados con este itinerario cultural. Unha pequena exposición creada a nodo experimental na propia Academia (2022) foi “*A Academia de Belas Artes en feminino*”, en que se

reuniron obras en relación con este tema. Do mesmo xeito, e neste caso acudindo á colección de gravados da Academia, seleccionouse a serie do século XVIII “Os doce traballos de Hércules” augafortes sobre placa de cobre recollendo o motivo das pinturas de Lucca Giordano para decorar “*El Casón del Buen Retiro*”, obras do gravador Juan Barcelón y Abellán, estampas coas que se formou a mostra itinerante que no 2024, baixo o patrocinio da Xunta de Galicia circulou por varios puntos, Museo do Mar de Vigo, Lugo, Ourense...

Entre as actividades estables na propia entidade, na Coruña están os “*Martes das Artes*”, conferencias sobre temas de actualidade, impartidas por especialistas, así como os encontros estivais sobre temas que afectan ás Artes no Pazo de Mariñán, en colaboración con conservatorios de música, escolas de artes, universidades, que contan co patrocinio da Deputación da Coruña.

Preocupación constante, dentro desa memoria sempre inacabada da Academia, é a dotación de espazos, asumindo o interese museolóxico do edificio do antigo Consulado, na actualidade fraccionado entre varias academias; así como dignificación do persoal existente, dotación deste conforme ás necesidades da Academia, a adquisición de legados de importancia nas artes.

Son anos nos que a Academia é informada e intervén en posibles casos de falsificación de obra de creadores/as de Galicia; así como en cuestións xudiciais que atinxen á titularidade do Pazo de Meirás e da Casa de Cornide..., ente outras.

Un dos importantes logros, a partir de 2022, foi que a Presidencia do *Parlamento de Galicia* considerase a Academia como asesora respecto ao seu Patrimonio Cultural: selección de proposta de obras, divulgación e exposición destas. Destacan as exposicións realizadas dunha selección dos fondos do Parlamento no ano 2024.

A colaboración con distintas administracións, convenio co Concello da Coruña, de cara a organizar no 2024/25 actos, publicacións e exposicións con motivo do 175 aniversario de creación da Academia, especialmente a exposición que terá lugar no Kiosco Alfonso na primavera de 2024.

NORMALIZACIÓN DA ACTIVIDADE ACADÉMICA: ELECCIÓN DE MEMBROS, INSERCIÓN NO ESTADO DA CUESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL

A Academia desde entón facultou a normalización do plenario coa incorporación de novos membros e tivo moi en conta as necesidades de cada sección, así como as cuestións de xénero. Inmgresaron:

Académicos de Honra

José Rafael Moneo Vallés (25-10-2015) / Álvaro Siza Vieira (25-03-2017) / Manuel Gallego Jorreto (19-02-2029) / Cristina García Rodero (13-12-2019) / José María Lafuente (electo) / César Antonio Molina Sánchez (28-03-2022) / César Portela Fernández-Jardón (18-12-2021) / Román Pereiro Alonso (01-07-2023), Francisco Javier Expósito Paradela (01-02-2025).

Numerarios/as por Seccións

Pintura e Gravado

Manuel Quintana Martelo (11-06-2004) / Eduardo Manuel Matamoro Irago (31-11-2015) /Menchu Lamas (01.12.2018) / Mónica Alonso (29-10-2022)

Escultura

Acisclo Manzano Freire (26-01-2008) / Manuel Paz Mouta (29-10-2011) / Soledad Penalta Lorenzo (24-10-2018) / Pamen Pereira (27-05-2023)

Arquitectura

José Ramón Soraluze Blond (26-04-1986) / Ramón Yzquierdo Perrín (15-04-1994) / Celestino García Braña (01-04-2006) / Xosé Manuel Casabella López (26-03-2011)/ Felipe Peña Pereda (17-12-2022)

Arqueoloxía/Museoloxía

Felipe-Senén López Gómez (11-12-1987) / José Carlos Valle Pérez (22-05-1999) / Antonio Rodríguez Colmenero (26-11-2005) / Daniel Carlos Lorenzo Santos (27-02-2016) / José María Eguileta Franco (30-04-2022)

Música

Maximino Zumalave Caneda (27-01-1996) / Juan Pedro Durán Alonso 23 -11-2019) / Alejo Amoedo Portela (24-02-2024) / Rosa Cedrón Fernández (21-12-2024)

Expertos/as nas Artes

María Victoria Carballo-Calero Ramos (15-02-1997) / Miguel Fernández Cid Enríquez (30-10-2010) / María Asunta Rodríguez Rodríguez (19-12-2015)

Artes da Imaxe

Xurxo Lobato Sánchez (28-01-2006) / Miguelanxo Prado Plana (28-11-2009) / Xosé Díaz Arias de Castro (30-01-2016) / Roberto Verino Mariño Fernández (18-06-2022)

Académicos/as que pasan a supernumerarios/as

Ignacio Vázquez Novoa-Basallo (28-10-2025) / Manuel García de Buciños Vázquez (26-10-1991) / Rafael Úbeda Piñeiro (30-11-1993) / Francisco Pablos Holgado (09-02-1996) / Ángel Luis Hueso Montón (05-11-2005)

Académicos/as correspondentes

Fernando Cebrián del Moral/ Carlos Barcón Collazo/ Felipe Arias Vilas / Juan Antonio Rodríguez-Villasante Prieto/ Ángeles Penas Truque / Fernando Agrasar Quiroga/ Santiago Ferrer Sierra/ Juan Raúl López Naya / José Luis Castro de Paz/ Xavier de Paz López Nóvoa Félix de la Fuente Andrés / José Antonio Faļção, Conde do Bracial / Jesús López

García / Jorge José Castillo Casalderrey / Jorge Federico Osorio / Carmen Manso Porto / Francisco Torrón Durán / Rafael Manzano Martos / Víctor Pablo Pérez Pérez / Juan Ignacio del Cueto.

Medalla de Ouro Marcial del Adalid

Foron creadas o 10-06-1949 e rexidas por regulamento reformado o 26-04-1970, de dúas clases, de ouro e de prata, modificado o 30-04-2005, en que se creou a insignia persoal á constancia musical. Cos seus correspondentes diplomas.

1954: Ramón Zinke y Zas / 1959: Saturnino Cuiñas Lois / 1964: Margarita Pastor de Jessen / 1977: Jesús Arias Amado/ 1982: Edilberto Suárez Pedreira / 1983: Manuel Cajaraville Pensado / José Balboa Vázquez/ Fernando Dans Mariñas / 1985: Manuel Pérez Fanego / 1988: Francisco Rey Rivero / 2000: José Paz Fernández / 2006: Toxos e Froles de Ferrol / 2009: Coral de Ruada de Ourense / 2010: Coral Casablanca de Vigo / 2018: Coral Polifónica El Eco da Coruña / 2019: Coral Polifónica de Betanzos / 2023: Coral Polifónica Follas Novas da Coruña / 2024: Cántigas da Terra.

Medalla de Honor da Academia

Este galardón foi instituído o 28-01-1989: Deputación Prov. da Coruña / 1991: Fundación Pedro Barrié de la Maza / 1993: Fundación Caixa Galicia-Claudio S. Martín / 1995: Caixavigo / 1997: Deputación Prov. de Lugo / 1999: Manuel Colmeiro Guimarás / 2004: Orquestra Sinfónica de Galicia / 2008: Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia / 2013: Museo do Pobo Galego / 2024: Catedral de Santiago.

BIBLIOGRAFIA

- CHAMOSO LAMAS, MANUEL: “La Real Academia de Bellas Artes de Ns.ª Sr.ª del Rosario de La Coruña”, (pp. 32-60). Especial: Presente y Futuro de La Coruña, Tomo II, Edic. Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses 1984.
- CUADERNO DE CULTURA. Año II, núm.12: Museo de Bellas Artes de La Coruña. Mayo de 1979.
- DAVIÑA SAÍNZ, SANTIAGO: La historia y descripción de la ciudad de La Coruña de Antonio Rey Escariz. Concello da Coruña. Arquivo Municipal da Coruña. 1996.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, LUIS JAIME; RODRÍGUEZ MARTÍN-RETORTILLO, ROSA, M.ª: “Las diputaciones provinciales y el patrimonio cultural, histórico o artístico. Especial referencia a la normativa de adquisición de obras artísticas (pintura, escultura y otros bienes muebles)” Catálogo del patrimonio artístico de la Diputación de A Coruña: II. Artes plásticas (1990-2010) / A Coruña (Provincia). Deputación Provincial (ed. It). A Coruña, 2011).
- MARTÍNEZ BARBEITO, ISABEL: Museo Provincial de Bellas Artes de la Coruña. Catálogo. A Coruña, 1957.
- MEIJIDE PARDO, ANTONIO: La Academia y Escuela de Bellas Artes de La Coruña (1850-1875) Deputación Provincial da Coruña, 1989.
- PADÍN PANIZO, ÁNGEL: Real Academia Gallega de Bellas Artes: 1850-2000. Anexo de Abrente, Real Academia Galega de Belas Artes. A Coruña, 2009.
- RODRÍGUEZ MANEIRO, MANUEL: El Museo Provincial de Bellas Artes de La Coruña. Bibliófilos Gallegos. Colec. Obradoiro XIV. Pontevedra, 1978.
- SANZ-PASTOR y FERNÁNDEZ DE PIEROLA, CONSUELO: Museos y Colecciones de España. (189-190). Ministerio de Cultura de España. Madrid, 1986.
- VARIOS (Calvo Sotelo, Joaquín, Zamora Vinte, Alonso, Romeu de Armas, Antonio...) Reales Academias del Instituto de España. Alianza. Instituto de España. Madrid, 1992.



**Mónica
Alonso**

CAMILA MARQUINA ILLA,
s. XX
Luis Mosquera Gómez
Óleo sobre lenzo

A MARABILLA DAS COLECCIÓN SEMPRE VIVAS

As coleccións de arte celebran a creatividade humana ao longo do tempo, actuando como tesouros vivos que narran a evolución das culturas e civilizacións. Son piares fundamentais para a preservación, transmisión e comprensión do patrimonio cultural, funcionando como cápsulas do tempo que conectan xeracións. Cada peza que as compón concentra valores, crenzas e emocións dunha época e permite que as xeracións futuras se vinculen co pasado de maneira tanxible. Ademais de ser unha fonte de educación e sensibilización, as coleccións posibilitan que as persoas experimenten esteticamente a historia e a cultura e promovan o entendemento intercultural. Así mesmo, son unha fonte de inspiración para novas xeracións de persoas creadoras que, cunha visión propia, se enriquecen visual e conceptualmente. O que fai aínda máis grandes as coleccións é que todas son únicas, como única é a da RAGBA.

En termos cuantitativos, a colección da RAGBA conta con máis de 200 obras de pintura realizadas entre os séculos XIX e XXI; máis de 400 estampas creadas entre os séculos XVIII e XXI; unha colección de escultura que inclúe máis de 40 pezas realizadas entre os séculos XVIII e XXI; e máis de 100 pezas de artes aplicadas, cerámica, medallas e utensilios artísticos. Tamén alberga unhas 500 obras, entre debuxos e bosquejos, ademais dunha cantidade reducida de mapas e planos e unha pequena colección de fotografía artística. Coa necesidade de concretar achegarémonos á co-

lección dende a pintura dos séculos XIX, XX e XXI.

Nos seus 175 anos de historia, a RAGBA realizou dúas exposicións conmemorativas anteriores: a primeira en 1949, con motivo do seu centenario, titulada *Cen anos de arte en Galicia* (acompañada de catálogo); e a segunda en 1990, denominada *1850-1990: Exposición antolóxica da Real Academia Galega de Belas Artes* (tamén con catálogo). Estamos na terceira celebración, de 2024, marcando 34 anos adicionais de historia. Esta ocasión reviste unha gran relevancia e proxéctase cara a unha futura conmemoración do seu bicentenario en 2049; aínda que sen pechar portas a celebracións intermedias ou proxectos que saquen a colección da institución. A Academia continuará cumprindo o obxectivo polo que foi creada: *fomentar a práctica, o estudo e a salvagarda das artes e o patrimonio cultural galego*.

Dentro da colección de artes plásticas da RAGBA, a obra máis antiga é un gravado do século XVII do editor e gravador flamengo Jacques Van Merlen, titulado *San Roque*, realizado coa técnica de estampa iluminada sobre papel. É unha obra de pequeno formato, de 22 cm de alto e 17 cm de ancho. A obra máis antiga dun artista galego corresponde a un debuxo de Ovidio Murguía, falecido en 1900, representante da chamada “xeración doente”. Pola contra, a peza máis recente é de 2022, do pintor e académico galego Din Matamoro. Esta obra pictórica incorpora un bastidor, tres películas VHS e unha bolsa con facturas de materiais, cunhas medidas de 10 cm de grosor, 20 cm de longo e 14 cm de ancho. Aventurando que nada é casual, as dúas pezas apenas se diferencian en centímetros, que aproveitamos para unilas cunha poética forzada que as achega con catro séculos de diferenza.

Un dato curioso é que ningunha das obras expostas nas tres conmemoracións principais (1949, 1990 e a actual de 2024) coincide en todas elas. De existir sería moi destacada pola súa supervivencia no tempo.

As tres exposicións contan con obras de artistas galegos prominentes de finais do século XIX e a primeira metade do XX, como Francisco Lloréns Díaz (académico de honra), José Seijo Rubio (académico), Manuel Abelenda (académico), Antonio

Tenreiro (académico), e María Corredoira (académica). Cada un deles representa un mosaico diverso pero profundamente conectado coa historia da arte galega. Unidos polo vencello común da identidade cultural galega, cada creador achegou un enfoque único. Lloréns, Seijo Rubio e Abelenda exaltaron as paisaxes galegas e afastáronse do academicismo. Capturaron a poética da luz e atmosfera en lugares como campos, montañas e mariñas, pintando escenas mariñeiras e de interior que representan o traballo e a vida das comunidades, as súas comunidades. Estampas típicas de campesiños dignificando a cultura rural galega, mercados e celebracións populares, sen descoidar o retrato e o bodegón. Antonio Tenreiro, de formación arquitecto, foi unha figura clave para o desenvolvemento dunha arte galega que combinaba a tradición pictórica coa modernidade arquitectónica. María Corredoira foi unha das poucas mulleres artistas destacadas do seu tempo que achegou unha perspectiva feminista e espiritual á arte galega. Explora temas de espiritualidade, retratos e escenas costumistas, e conta a Academia cun exemplo de cada un dos temas: *Monaguillos no coro*, *Autorretrato e Humildade*. Todos os artistas citados trazaron unha ponte entre o pasado e o futuro de Galicia, preservando as súas raíces mentres abrían novos camiños artísticos.

Nos últimos 34 anos á colección da Academia incorporáronse artistas de xeración intermedia como: Leopoldo Nóvoa (académico de honra), con obra singular relacionada co informalismo e a abstracción lírica; Felipe Criado (académico) caracterizado pola exploración profunda de todas as gamas cromáticas; María Victoria de la Fuente (académica correspondente), pintora de interiores e atmosferas determinadas pola luz da hora do día en que son pintadas.

Entraron tamén na colección os artistas do Grupo Atlántica, colectivo que xurdiu na década dos oitenta en Galicia, abrindo camiños cara ás correntes internacionais e rompendo co academicismo tradicional. Este colectivo caracterizouse pola experimentación plástica, a fusión de linguaxes contemporáneas e unha vontade integradora que conectaba a identidade cultural galega cun discurso global. A Academia conta con obras de Menchu Lamas (académica), que destaca polo emprego de cores

vibrantes e formas simbólicas; Manolo Moldes (académico), que traballa variados temas en cadros cada vez máis físicos; Manuel Quintana Martelo (académico) confronta a figuración coa abstracción, como dous mundos contrapostos.

A incorporación de creadores á Academia tras a etapa de Atlántica produciuse en parte a través do Salón de Outono, creado en 1996. Entre os artistas que se uniron destacan: Vari Caramés, que lle deu á fotografía unha linguaxe pictórica; Darío Álvarez Basso, cun estilo abstracto e matérico; Ángel Cerviño, artista plástico entre a escritura e o comisariado; Calo Carratalá e José Ramón Morquecho Barral, os dous herdeiros da tradición paisaxista que nos achegan á súa abstracción, ao modo dos impresionistas os dous mergúllanse nela saíndo ao campo busca.

Exemplo da incorporación de novos formatos son outros artistas que chegaron á Academia como académicos: Din Matamoro, pintor da cor e da luz, da poesía e o misterio; Roberto Verino, deseñador de moda que achega unha prenda da colección primavera-verán de 1986 con estampado do pintor Xaime Quesada; e Xurxo Lobato, fotógrafo documentalista que a través das súas series recolle en imaxes a esencia da cultura galega.

Finalmente, entre as e os artistas nadas/os na década de 1970, destacan Mónica Alonso, artista próxima á arquitectura e á psicoloxía, e Yolanda Dorda, pintora da intimidade feminina.

Dun xeito sintético, esta é a base da colección de pintura galega da RAGBA. Como se pode observar, nos últimos 34 anos esta actualizouse cos movementos artísticos galegos do momento. É fundamental continuar con esta progresión nos próximos 25 anos e atender sempre aos novos formatos. Aínda que as coleccións artísticas adoitan estar conformadas polo pasado, deben estar en constante crecemento e pendentes de dar rexistro do presente. Este texto foi escrito desde o presente, con entusiasmo polo pasado, pero conscientes de que a historia segue e debe integrarse nunha institución viva que, como se mencionou, ten o obxectivo de fomentar a práctica, o estudo e a sensibilización sobre as artes e o patrimonio cultural galego.

EL EMPERADOR, 2008

Pamen Pereira

Bronce e raíz de palmeira





GUARDAPOLVO ESTAMPADO CON MOTIVOS CELTAS,
OBRA ORIXINAL DO PINTOR XAIME QUESSADA
Colección 'Atlántida', primavera-verán 1986

Roberto Verino
Fotografía: Javier Vallhonrat



DESNUDO FEMENINO, s. XX

José Juan González García
Madeira

MARÍA BARNALDO DE QUIRÓS,
s. XX (dereita)

Román Navarro García-Vinuesa
Acuarela sobre papel





ESCENARIO

2º premio Salón de Outono 2006

Vari Caramés

Fotografía sobre lenzo



DESAFIANTE INFANCIA

2º premio Salón de Outono 2008

José Luis Gabú

Fotografía



**José Ramón
Soraluce Blond**

RAFAEL GONZÁLEZ
VILLAR, 1941

José Juan González García
Escaiola

ARQUITECTOS ACADÉMICOS NA CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO

A historia dos edificios monumentais en España, e por tanto en Galicia, divídese en dous períodos, antes e despois de 1800, cando a Secretaría de Facenda o 22 de xullo daquel ano lle encargou á Real Academia da Historia un plan para a conservación das antigüidades do país. O interese pola vixilancia e conservación dos vellos edificios monumentais a comezos do século XIX traduciríase en textos e informes cos que argumentar, ante todo, o carácter de “antigüidade” da arquitectura, como valor supremo para a súa defensa e conservación, antes que a súa valoración “artística”.

As “Instrucións” para a conservación dos edificios antigos, elaboradas pola Real Academia da Historia foron aprobadas por Carlos IV e publicadas nunha Real Cédula do 6 de xullo de 1803. Unha destas instrucións refírese á custodia dos edificios monumentais, e encoméndaselles ás xustizas de todos os pobos que non se destrúan nin maltraten. Ninguén supoñía entón os desastrosos efectos que sufriría o noso patrimonio durante a inmediata Guerra da Independencia, ao que habería que engadir a repercusión das desamortizacións do patrimonio das ordes relixiosas que provocaron, como reacción, a creación da Comisión Central de Monumentos e as súas filiais Comisións Provinciais, presididas polos xefes políticos por Real orde do 13 de xuño de 1844. Entre os primeiros membros nomeados da Comisión Provincial de Monumentos da Coruña figurou o arquitecto municipal José María Noya, ao que se debe o deseño

e a construción do Teatro Principal da cidade, logo reconvertido no actual Rosalía de Castro.

Moito cambiou durante este longo período a protección ao patrimonio arquitectónico, coñecido entón como “Monumentos”. Xa a primeira Comisión Provincial informou na súa Memoria de Actividades de 1845 da situación en que se atopaba o patrimonio da provincia. Aínda que naqueles anos só se valoraban os edificios pertencentes a períodos artísticos anteriores ao barroco. Pero ás boas intencións opuxéronse as trabas administrativas provinciais e locais, e enfrontáronse os intereses públicos e os privados coas atribucións e as competencias dos entes locais e provinciais. Ese foi o caso da Delegación de Facenda da Coruña, que se negou a facilitar a inspección dos obxectos de valor artístico que conservaba en depósito desde a exclaustación, alegando non ter autorización superior para iso. Nestes casos, tanto José María Noya, como arquitecto municipal, como Faustino Domínguez Domínguez, arquitecto provincial, deberon sopesar a súa situación como membros da Comisión de Monumentos á vez que funcionarios representantes dos intereses locais.

Durante máis de cen anos a declaración e publicación na Gaceta ou no BOE dos Monumentos Nacionais foi o único escudo protector de numerosas, pero insuficientes, arquitecturas de incalculable valor. Entre 1840 e 1940, Galicia só contou con sesenta e unha declaracións, case todas para edificios singulares e algún centro urbano, e quedaron á marxe dos problemas expostos nas primeiras restauracións do século XIX e non se salvaron da destrución, en maior ou menor medida, case todos os grandes mosteiros rurais galegos, a maioría dos conventos urbanos e unha infinidade de edificios civís, públicos ou militares. As desamortizacións, o abandono, a reutilización para novos usos, ou o mero aproveitamento dos seus materiais deixaron unha pegada desoladora no patrimonio de Galicia.

Noya Bahamonde figurou tamén entre os 17 membros fundadores da Academia Provincial de Belas Artes da Coruña o 31 de outubro de 1849, xunto co tamén arquitecto Faustino Domínguez Domínguez, quen anos despois, entre 1865 e 1890, foi o

presidente máis duradeiro nos seus 175 anos de historia. Sobre eles e os académicos pintores caeu a responsabilidade de crear en 1854 os Estudos de Belas Artes na Coruña. A seguinte xeración de arquitectos eclécticos académicos de finais do século XIX foron Faustino Domínguez Coumes-Gay (ingreso en 1875) e Juan Ciórraga Fernández de la Bastida (1875) a quen debo algunha das primeiras restauracións de monumentos galegos. No cambio de séculos foron os arquitectos modernistas os que ocuparon as cadeiras de brazos da sección, con Antonio de Mesa y Álvarez (1897), Pedro Ramiro Mariño Ortega (1902), Leoncio Bescansa Casares (1915) e Rafael González Villar (1923).

Desde 1926 a Dirección Xeral de Belas Artes encargouse de priorizar as restauracións mediante a división de España en seis zonas, á fronte das que se poñería un arquitecto. Galicia quedou integrada na Zona 1 e foron declarados en 1931 un total de 42 monumentos galegos. O académico e presidente da Academia, Manuel Chamoso Lamas, foi nomeado comisario da zona en 1940, para a selección das intervencións, dirixidas polos arquitectos Luis Menéndez Pidal, Francisco Pons Sorolla e Rafael Manzano Martos, todos eles elixidos académicos correspondentes de Galicia, ata que nos anos sesenta se incorporou coas súas restauracións de monumentos o académico de Arquitectura Carlos Fernández-Gago Varela.

A arquitectura moderna, nas súas primeiras épocas, non contou entre as súas prioridades coa conservación do patrimonio histórico, mantendo un criterio novo sobre o papel da arquitectura actual como o novo patrimonio que conformaba a cidade contemporánea. Destacamos neste período os arquitectos académicos Santiago Rey Pedreira, Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón ou Manuel Andrés Reboredo López. É tamén o período en que o plan urbanístico inicia a identificación da cidade histórica, como unha singularidade protexible globalmente con normativas de actuación e catalogación do patrimonio construído.

A aprobación da Lei do patrimonio histórico español en 1985 coincidiu coa transferencia á Autonomía de Galicia das competencias en materia de patrimonio e a

creación da Dirección Xeral de Patrimonio Artístico, Arqueolóxico e Histórico, que mudará de nome e consellería durante as seguintes décadas. Desde aquel momento a realización dos proxectos de restauración ou rehabilitación deixará de estar asignada a un determinado grupo de especialistas, para abrirse a profesionais da rexión, dando paso ás correntes máis vangardistas da intervención no patrimonio e abrindo un, ás veces polémico, debate social ata entón practicamente inexistente.

A recuperación do patrimonio e a súa declaración foi asumida polas leis do Parlamento galego e a formación xurdida de cursos e congresos da Escola T. S. de Arquitectura (UDC) e a Facultade de Xeografía e Historia (USC), e abriuse o panorama da intervención aos arquitectos da comunidade, entre os que se atopan os académicos Antonio Tenreiro Brochón, Rafael Baltar Tojo, Andrés Fernández-Albalat Lois, Manuel Gallego Jorreto, César Portela Fernández-Jardón, José Ramón Soraluze Blond, Celestino García Braña, José Manuel Casabella López e Felipe Peña Pereda, xunto con algúns máis elixidos como académicos correspondentes. Conceptos como restauración ou reconstrución víronse superados e complementados finalmente, ao asumirse a valoración do patrimonio antigo como útil á sociedade e perfectamente dialogante coas actuacións e construcións contemporáneas.

Desde sempre as academias de belas artes foron órganos consultivos da Administración, nun principio para as declaracións de “Monumentos” e na actualidade dos Bens de Interese Cultural. No relativo aos edificios e centros históricos, a Real Academia Galega de Belas Artes, como entidade asesora na lexislación autonómica, elabora todo tipo de informes, especialmente por membros da Sección de Arquitectura para as declaracións dos BIC.

SEN TÍTULO, 1970-1975

Elena Colmeiro González

Cerámica alta temperatura e óxido





LA ESPERA, s. XX
**María del Villar Mateo de
 Arenaza**
 Óleo sobre lenzo



DESNUDO, s. XX
José Luis Rodríguez Sánchez
 Óleo sobre táboa



RICARDO MORALES
GARCÍA, 1928
Jesús Fernández Martínez,
"Jesito"
Carbón sobre papel



AUTORRETRATO, S. XX
José Luis Rodríguez Sánchez
Óleo sobre táboa



Conxunto de medallas e insignias dos premios de música 'Marcial del Adalid' (1949-actualidade).

Deseño orixinal de 1949 e deseño renovado de 2006

**Juan
Durán**

A MÚSICA NA ACADEMIA: O CRUCE ENTRE O CULTO E O POPULAR

Dende que o compositor Canuto Brea Rodríguez ingresara na RAGBA, en 1879, como primeiro académico da Sección de Música ata o día de hoxe, 34 músicos formaron parte da dita sección como numerarios, correspondentes ou de honra. Na nómina están representados todos os ámbitos do feito musical: hai compositores, pedagogos, musicólogos, musicógrafos e intérpretes. Todos eles posuidores dunha tan sólida como acreditada formación, se ben hai que recordar que non será ata o Decreto do 15 de xuño de 1942 cando se regule o primeiro plan de estudos oficiais para os conservatorios do Estado, polo que a partir da implantación desa normativa os académicos numerarios estarán en posesión da titulación oficial correspondente. Tal é así que moitos deles exercerán como profesores de conservatorio¹, e compaxinarán a dita actividade coa práctica artística, compositiva ou investigadora, en cada caso.

¹ Foron profesores do Conservatorio da Coruña: Rodrigo A. de Santiago, Juan Durán, Alberto Garaizábal, Mercedes Goicoa, Rogelio Groba, María Luisa Nache, Ricardo Morales e Horacio Rodríguez Nache. Do Conservatorio de Santiago foron Ramón Castromil e Maximino Zumalave. Do de Vigo Alejo Amoedo e do de Ferrol Rosa Cedrón. E, no ámbito da musicoloxía, na USC, o padre José López Calo.

Mais a pesar de toda esa diversidade na actividade musical dos académicos, vai haber unha actitude común a todos eles dende o primeiro momento: poñer a súa formación académica ao servizo da música tradicional galega, cruzando todas as fronteiras que, de entrada, poderían afastar o ámbito profesional do mundo da música popular, materializado singularmente nos coros galegos. Unha actitude de xenerosidade e altura de miras que fai da Sección de Música un reflexo inequívoco da sociedade musical galega en cada etapa da súa historia.

Pero antes de internarnos na achega da Sección de Música ao contexto da música popular galega, hai que sinalar dous feitos que, aínda que non se relacionan directamente co labor da corporación como tal, van ser determinantes na vida musical galega, ao ser promovidos por dous membros desta sección: en primeiro lugar Canuto Berea, quen vai dotar a Galicia, a través da tenda de música e da editorial que levará o seu nome durante décadas, dun valiosísimo catálogo de obras de autores galegos, onde destacan os nomes de Marcial del Adalid, Castro “Chané”, Montes ou o académico José Baldomir. E, en segundo lugar, Alberto Garaizábal, quen impulsará a oficialización dos estudos do conservatorio coruñés, sendo o seu primeiro director, o que permitirá o exercicio profesional de importantes músicos galegos.

Alumno de Garizábal, Adolfo Anta Seoane, vai ser o académico que mellor comprenda o papel da Sección de Música diante do contexto cultural que lle toca vivir. Como director de Cántigas da Terra, Aturuxo ou a Coral da Fábrica de Tabacos, entre outras, vai ter un contacto directo coa música tradicional, que recollerá e transcribirá para poñela ao servizo do patrimonio musical galego. Este talante vai cristalizar na súa decidida aposta pola creación das Medallas Marcial del Adalid (nas súas distintas modalidades de prata e ouro, así como as insignias persoais á constancia) que a RAGBA concede, dende 1949, para premiar a actividade máis xenuinamente popular do mundo musical galego.

Xunto a Anta Seoane hai que citar aqueles académicos da Sección de Música que, ao longo dos anos, terán tamén como horizonte o achegamento á música popular como Mauricio Farto, Manuel Fernández Amor, Ricardo Morales ou Rodrigo A. de Santiago,

cando non a un traballo de maior ambición compositiva como o caso de Eduardo Rodríguez-Losada que aborda en *O mariscal*, estreada en 1929, a primeira ópera galega. E mención especial merece, neste senso, a achega de Rogelio Groba quen, dende a estrea da súa cantata *Nova Galicia*, en 1972, con texto do académico Luis Iglesias de Souza, ata a súa morte en 2023, vai dotar a Galicia dun tan valioso como prolífico patrimonio musical.

Gran parte de todo este acervo vai constituír o xermolo do Arquivo Musical de Galicia que a académica, e presidenta de honra da RAGBA, Mercedes Goicoa creará en 1989. Un arquivo que irá medrando co tempo e que na actualidade atesora preto de 2.000 rexistros. Este importante arquivo xunto á remodelación que Goicoa fai, na súa etapa de presidenta, da sala de música vai permitir realizar innumerables concertos, moitos deles dentro dos ciclos anuais dos Martes das Artes.

Os campos da interpretación e da musicoloxía foron tamén un sinal de identidade da calidade incuestionable de tantos outros académicos. Desta última, a achega dos traballos de investigación do padre José López-Calo, nomeadamente a partir da figura de Juan Montes. E no ámbito da interpretación unha extensa nómina de grandes artistas que triunfaron dentro e fóra de Galicia. Tal foi o caso de Manuel Quiroga, un dos máis grandes violinistas mundiais do seu tempo; a soprano María Luisa Nache; o violinista Horacio Rodríguez Nache; os pianistas Mercedes Goicoa e Ramón Castromil; ou o director de orquestra Maximino Zumalave. E hai que dicir que todos eles tiveron unha relación directa coa música galega en xeral, e coas fontes máis xenuínas da música tradicional en particular.

As últimas incorporacións como académicos numerarios, tanto do pianista e investigador Alejo Amoedo (2023) como da violoncellista e cantante Rosa Cedrón (2024) aseguran unha liña de continuidade cos obxectivos da Sección de Música, ao ser dous artistas que conectan, sen prexuízos estéticos e dende unha contrastada formación artística, o mundo académico coa música popular. Dous camiños que se cruzan constantemente e que conviven en perfecta simbiose: unha formación clásica xunto a unha comunicatividade libre de ataduras formais.



CONXUNTO FOTOGRÁFICO DA ÓPERA 'O MARISCAL', 1929
Compositor: Eduardo Rodríguez-Losada Rebellón.
Vestuario: Camilo Díaz Baliño. Na fotografía, Juan Estrada (probablemente), como o Mariscal Pardo de Cela



Honoría Goicoa, como Dona Elvira de Muras



Venancio Deus e Julia Catoira,
como Cego e Lazarilla



CASTELLO DI SAN GIUSTO

CORTILE DELLE MILIZIE

MANIFESTAZIONI TEATRALI ESTATE 1954

Ente Autonomo Comunale Teatro Trieste

Mercoledì 7 Luglio alle ore 21

INAUGURAZIONE DELLA GRANDE STAGIONE LIRICA

GUGLIELMO TELL

Melodramma tragico in quattro atti di De Joux e Bis
Musica di GIOACCHINO ROSSINI
(G. Ricordi & C.)

PERSONAGGI E INTERPRETI:

GUGLIELMO TELL	PAOLO OLIVIERI
ERNESTO, amico di Tell	ANTONIO MALLABRONZI
HELVETIO FÄST	ROLFO MAFENICA
BRUNO TELL, padre di Arnoldo	ANTONIO MARMORA
ALICE, figlia di Helvetio	LILIANA CAVALLERI
ROBERTO, figlio di Helvetio	EDUARD ROSSINI
UN PROCAPORE	GIACOMO DOTTORINELLI
LEUTENANT	ENZO MICHETTI
WERNER, domestico	EDO NOTTELLI
MATILDE, Principessa di Habsburg	MARIA LUISA NACHE
WOLFGANG, segretario di Robert	MIRO LOZZI

Ufficiali e soldati di Gouda - Fuggi - Ispettore di Matilde - Poveri e disonesti - Cantanti - Procautori -
Roveri dei Gouda di Dni. Tattavolli e Schola

L'azione si svolge nel 1300

Primo direttore: NIVES PALLI - GRANT MONTAGNI

Primo direttore: MARIA DE VITELLO - ROSA MARMORA - IVAN DEBIBI - LUDOVICO FORST

Maestro del coro: GIUSEPPE FANTINI - Coreografia di NIVES PALLI

Regia di DOMENICO MESSINA

Spettacolo realizzato dalla Ditta EMILIO MARMORA - Società della Casa d'Arte M. G. BORE - Cantanti della Compagnia
Teatrale di GALLERIA - Spettacolo con i servizi della Ditta G. MARMORA & C. - Spettacolo con i servizi della Ditta G. MARMORA & C.

Maestro concertatore e direttore:

FRANCESCO MOLINARI PRADELLI

PREZZI (classe compresa) indistintamente per tutte le rappresentazioni:

INGRESSO POSTI POPOLARI Lire 200.-

POSTI NUMERATI CENTRALI (GRUPPO C'ARRI)	A Lire 1500.-	POSTI NUMERATI LATERALI (GRUPPO L'ARRI)
	B 1000.-	
	C 700.-	

Postazioni e vendita biglietti - Registrazione del Teatro Comunale di Trieste (Piazza Verdi) - Tel. 15.461 - Registrazione Centrale
Officina Teatro Tel. 16.111, proseguendo la via di accesso alla Casa del Gouda

Per la fine dello spettacolo è assicurato il servizio tranviario straordinario

**Inteso lo spettacolo il biglietto è da considerarsi interamente distrutto anche
in caso di sospensione in seguito a maltempo**

© 1954 EMILIO MARMORA

Cartel da ópera Guillermo Tell no
Castello di San Giusto de Trieste,
1954

Fondo Rodríguez-Nache, Arquivo
Musical de Galicia

Cartel de Ópera Tosca no
Teatro Ayala de Madrid, 1950 ca.

Fondo Rodríguez-Nache, Arquivo
Musical de Galicia

TEATRO AYALA



GRAN COMPAÑIA DE OPERA

HOY

6 DE DICIEMBRE

7.ª de ABONO

A las 7 tarde

La Opera de hoy es una gran obra de arte

TOSCA

Por: Maria Luisa R. Nache, Esteban Leoz,
Hermilio Ezquerro, Antonio Gallego, Vicente Riazza,
César Munain, Mercedes Oviedo,
Vozes de: FRANCISCO PALOS



Programa do Theatre Royal de l'Opera do Cairo, 1948

Fondo Rodríguez-Nache,
Arquivo Musical de Galicia



Programa de ópera na Metropolitan Opera House de Nova Iorque, 1959-60

Fondo Rodríguez-Nache,
Arquivo Musical de Galicia



María Luisa Rodríguez Nache na ópera Carmen, 1959

Fondo Rodríguez-Nache,
Arquivo Musical de Galicia




María Luisa Rodríguez Nache na ópera
Otello, 1947 ca.

Fondo Rodríguez-Nache, Arquivo Musical
de Galicia

Pranchas de impresión de partituras

Editorial Canuto Berea y Cía. Arquivo Musical de Galicia:

- Un sospiro: melodía (s/d). Canuto Berea Rodríguez
 - La Alfonsina: muñeira para piano (1861-1876). Canuto Berea Rodríguez
 - Meus amores (s/d). José Baldomir Rodríguez
- Arquivo Musical de Galicia





**José Luis
Castro de
Paz**

SANTANDER 2H PM
27.12.1936, 1994

Felipe Criado Martín
Óleo sobre táboa

O CINEMA GALEGO E AS OUTRAS ARTES: DE JOSÉ SELLIER AO “NOVO CINEMA GALEGO”

Aínda que as imaxes en movemento chegan a Galicia en setembro de 1896 (A Coruña), será en maio do ano seguinte cando José Sellier rode na cidade herculina os primeiros títulos españois con cinematógrafo Lumière: *Fábrica de Gas*; *Orzán*, *Oleaje* e *Plaza de Mina*, vistas urbanas con cámara fixa e de menos dun minuto de duración. Verdadeira revolución para a historia artística, o cine non só se converterá na arte popular máis importante do século XX, senón que tamén establecerá hibridacións de todo tipo co resto das artes (literatura, pintura, arquitectura, música...) introducindo o tempo no espazo representado e, por exemplo, “secuencializando” –transformándoa para sempre– a paisaxe pictórica decimonónica, o que influirá decisivamente nos movementos de Vangarda.

Aínda que a nosa primeira e ben modesta aproximación ao cine de ficción non chegará até 1916 (*Miss Ledyá*, José Gil, 1916, con episódica participación de Castelao), é no terreo documental onde o cine galego ofrecerá as súas máis importantes creacións durante as primeiras décadas: o verdadeiramente único “cine de correspondencia” realizado en Galicia por José Gil para os/as emigrantes a América como antídoto contra a nostalgia e a perda, cargando sobre as súas rudimentarias imaxes a memoria dun país ido (p. ex. *Nuestras fiestas de allá*, 1928, froito dun encargo da asociación Unión de Hijos de Morgadanes en Montevideo, que mostra eventos festivos, lúdicos,

relixiosos, sociais e gastronómicos da comarca do Val Miñor, así como das escolas construídas grazas á doazón realizada por parte da citada asociación de emigrantes uruguaios), e xa na 2.ª República e durante a Guerra Civil, os nacionalmente comprometidos, formalmente audaces, antropoloxicamente densos e –en palabras de Luís Seoane– “socialmente auténticos” *Galicia* (Carlos Velo, 1936, coa colaboración de Castelao nos cartóns dos títulos) e a hoxe desaparecida *Mariñeiros* (José Suárez, 1939), protagonizados por traballadores galegos da terra e do mar, aos que quizais deberían sumarse outros títulos, como o tamén perdido *Por unha Galicia Nova* (Ramón Barreiro, 1933, fundador, co seu irmán Enrique, do Noticario galego folk).

A pesar de que o rancio e academicista pintoresquismo rexionalista pictórico e o máis zafio costumismo literario serán case sempre as bases formais do cine rodado en Galicia e sobre temas galegos realizado durante a ditadura franquista (*Mar aberto*, 1946, ou *Sabela de Cambados*, 1948, ambas de Ramón Torrado e producidas polo vigués Cesáreo González, fundador de Suevia Films), non debe pasarse por alto a crucial achega do escritor e guionista galego Wenceslao Fernández Flórez (*Huella de luz*, Rafael Gil, 1943 ou *El destino se disculpa*, 1945, J. L. Sáenz de Heredia, sobre as pequenas traxedias da vida vulgar do “españolito” do montón) no inicio dunha aínda lixeira pero xa crítica “curvatura” do espello enunciativo, visual e narrativa, que debería influír directa e decisivamente no estilo dos grandes títulos carpetovetónicos, grotescos e/ou esperpénticos de Luís G. Berlanga, Marco Ferreri e Fernando Fernán Gómez no cine español dos anos 50 e 60.

Pola súa banda, o NO-DO deixaranos, a pesar da súa en xeral adormecedora vontade propagandística, relevantes reportaxes e documentais sobre arte e artistas galegos de inequívoco valor testemuñal, como, entre moitos outros e como exemplo senlleiro, o centrado no labor creativo de Isaac Díaz Pardo no seu obradoiro (“Arte decorativa. Factorías de Cabral [Vigo]”, 1952; 00:34:35-00.39.45 m). Nos anos 60, debe citarse a singularísima e relevante obra experimental en 8mm do artista coruñés Eugenio Granell, próxima as vangardas e ao surrealismo, experimentando en

ocasiós coa pintura sobre o celuloide e noutras con todo tipo de xogueteos técnicos (*Trompos*, 1961; *Película hecha en casa con pelota y muñeca*, 1962).

Máis aló dalgunhas excepcións (o destacado filme de ficción *Camarote de lujo*, Rafael Gil, 1957, sobre a emigración galega a América, os documentais *Un viaje por Galicia* [Manuel Arís, 1958] e *Alma gallega* [Armando Hermida Luaces, 1966]), a procura dun cine popular galego só recuperará o seu pulso no tardofranquismo e a Transición democrática, a partir da semente implantada polas Xornadas de Cine de Ourense e polo cine amateur e a figura senlleira de José Ernesto Díaz Noriega. Grupos como “Lupa”, “Enroba” ou “Imaxe” –unidos case sempre pola figura do “mecenas” produtor Victor Ruppén Pardo–, realizan títulos como, entre outros, *A tola* (Miguel Gato, 1974, secuestrada polo Tribunal de Orde Pública) *Fendetestas* (Antonio Simón, 1975, a partir da novela O bosque animado do xa citado Fernández Flórez) ou a evocativa e sentida *O pai de Migueliño* (Miguel Castelo, 1977, baseada no relato de Castelao e centrada, como tantos outros títulos, na experiencia migratoria).

Tras a aprobación do Estatuto de autonomía en 1981 e das primeiras axudas á realización concedidas polo primeiro Goberno galego tres anos despois, algunhas curtas (como *Mamasunción*, Chano Piñeiro, 1984) anuncian a estrea das tres primeiras longametraxes galegas rodadas en 35 mm no evento Cinegalicia de 1989: *Urxa* (Carlos A. López Piñeiro), *Sempre Xonxa* (Chano Piñeiro) e *Continental* (Xavier Villaverde). Volvendo sobre temas xa coñecidos da nosa cinematografía (a emigración, as tradicións e a paisaxe galegos, o máximo, a saudade), será *Sempre Xonxa* a que, calando no máis fondo do imaxinario popular, se converta –máis aló dos seus en absoluto desdeñables valores fílmicos– en auténtico filme “monumento”; clásico instantáneo cuxa soa existencia é xa un anaco da historia de Galicia, tal é a densidade da súa pegada.

Aínda que a distinto nivel, outro fenómeno cultural de altura constituírao en 2014 a estrea de *A esmorga*, na que Ignacio Vilar, apoiándose nun coidadísimo traballo fotográfico do vigués Diego Romero Suárez-Llanos –nos dolorosos contrastes entre o

fugaz confort e a luz cálida, arroxada e ocre dos interiores e o húmido, frío e doloroso gris azulado da intemperie (tamén existencial) exterior, e na expresiva e potente utilización significativa dos escenarios naturais, das súas texturas únicas, reais, case sempre e no posible respectuosa cos lugares nos que Blanco Amor ambientaba a súa novela–, ganduxa pasado e presente –tradición e modernidade– adecuando a atmosfera opresiva, melancólica e chuviosa do á vez carnavalesco e desolado relato orixinal a unha posta en escena de densa e sobrecolledora veracidade.

Trinta anos despois da estrea de *Sempre Xonxa*, o da excepcional *O que arde* (Oliver Laxe, 2019, premiada no Festival de Cannes) vai supor un dos puntos culminantes no desenvolvemento do chamado “Novo Cinema Galego”, presente e futuro do noso cine, xurdido en 2010 tras un máis decidido e audaz sistema autonómico de axudas ao audiovisual posto en marcha cinco anos antes polo Goberno autonómico. A denominación engloba a cineastas tan diversos como, entre outros, Lois Patiño, Eloy Enciso, Xurxo Chirro, Diana Toucedo, Jaione Camborda ou o propio Laxe, pero unidos por certas características comúns (hibridación de ficción e non ficción, sensibilidade plástica, paisaxe como elemento primordial, vinculación visual coa pintura, novas formas de “realismo”).

Neste sentido, *O que arde* constitúe un discurso fílmico tan deslumbrantemente fermoso como descorazonador que supón, á vez, unha sentida e respectuosa aproximación de profundo rigor antropolóxico ás agonizantes formas de vida e aos costumes do rural galego, xa en vías de extinción, e un airado e comprometido berro de denuncia ante ese mesmo e case sempre silenciado “holocausto”. Menos abstracta e alambicada que o seu anterior *Mimosas* (2016), debido en parte ao seu íntimo coñecemento do territorio e a súa cultura, pero tamén a ese inequívoco desexo de construír un cine popular capaz de chegar a un público maioritario, Oliver Laxe –sobre a base dun rigoroso traballo de estilización formal de clara influencia pictórica nunca antes alcanzado na súa filmografía– logra tecer con intransferible mestría un tapiz audiovisual a partir de materiais en aparencia paradoxais e en ocasións até contra-

ditorios. Límpida e complexa, á vez contida e furibunda, “clásica” ao seu modo sen perder por iso a súa capacidade de experimentación, á procura do máximo poder evocador sen deixar de indagar nos límites entre o documental e a ficción, de innegable potencia mítica pero non menos sobria e melancolicamente costumista (e mesmo e en certo xeito melodramática), “cine fráxil” de extrema dureza discursiva, o cineasta desprega a súa cámara –a súa extraordinaria maquinaria enunciativa– na súa terra de infancia, eses Ancares lucenses non menos contraditorios, belísimos e duros, tan chuviosos e cargados de bruma ás veces como en extremo luminosos outras.

VIRXE DO CRISTAL, 1962

Arturo Brea Pasín
Madeira






JOSÉ SEIJO RUBIO,
1902
Francisco Lloréns Díaz
Óleo sobre lenzo



JULIO LÓPEZ-LAGO Y STOLT,
1907
Francisco Lloréns Díaz
Óleo sobre lenzo, paisaxe no
reverso



ENCICLOPEDIA, 2021
'Din' Matamoro
 Libro con técnica mixta



ARDALÉN / O PASO DAS BALEAS, 2013
Miguelanxo Prado Plana
 Acrílico sobre lenzo



**Felipe-Senén
López Gómez**

Escavacións na fachada sur
da Basílica de Alfonso III
na Catedral de Santiago de
Compostela
1960 ca.

Arquivo Chamoso Lamas

ARQUEOLOXÍA E A REAL ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES

DE CARA Á MADUREZ DAS CIENCIAS DA ARQUEOLOXÍA E DA MUSEOLOXÍA NA ACADEMIA

A Historia da Arqueoloxía como ciencia do estudo do pasado, fonte da historia a través das pegadas, dos artefactos, dos asentamentos ou das lendas, madura cos anos do Romanticismo e é un dos motivos que levan á creación de sociedades, de comisións ou das academias.

A inicial *Academia Provincial de B. Artes da Coruña* foi incorporando persoeiros, os cales, desde o afán da curiosidade viaxeira ou do coleccionismo de antigüidades darán un paso decisivo cara á Arqueoloxía Científica. Eran momentos nos que Murguía (Arteixo 1833-A Coruña 1923), desde 1905 nesta academia, era un referente prendido no celtismo, como marca de orixe de Galiza. Acordando concentrar os restos arqueolóxicos na flamante escola de Belas Artes, construída polos Da Garda, espolios que serviron de modelos para os alumnos, entre eles, Picasso.

Desde 1915 destaca Eladio Oviedo y Arce (Noia 1864-1918), discípulo de López Ferreiro, especialista en Arqueoloxía Sagrada, percorrido no que a sección de Arqueoloxía se repartía con Arquitectura e pola que pasan historiadores da Artes que


practican a escavación arqueolóxica. Entre eles, desde 1921 o académico Ángel del Castillo (A Coruña 1886-A Coruña 1961), que no 1934 estuda o campamento romano de Cidadela (Sobrado/Vilasantar), autor ademais do *Inventario de la Riqueza Monumental y Artística de Galicia* (1972). No 1954 ingresa na Academia José María Luengo Martínez (Astorga 1896-A Coruña 1991), preocupado polo pasado arqueolóxico da cidade, do Castro de Elviña, onde atopa o importante tesouro, entre outros, o creador do Museo Arqueolóxico Provincial.

A MUSEOLOXÍA COMO CIENCIA DA XESTIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL NA ACADEMIA

Un dos académicos máis relevantes como historiador da arte, arqueólogo e museólogo, con canto isto supón da posta en valor do patrimonio cultural foi Manuel Chamoso Lamas (Boborás 1909-A Coruña 1985), académico desde 1961, cun papel sobranceiro na recuperación do patrimonio do Estado, que centra os seus estudos arredor do sartego apostólico e da cristianización do Noroeste. Preocupado polos núcleos históricos, creador de museos.


Desde o 1987 será académico o conservador do Museo Arqueolóxico da Coruña, Felipe-Senén, caracterizado polas cuestións museolóxicas que atinxen á cidade, como o Castro de Elviña ou a Torre de Hércules. No 2004 entra en vixencia un novo regulamento no que a sección será Arqueoloxía e Museoloxía. No 1998 ingresa na corporación o historiador da Arte Carlos Valle, seguidor do tamén académico Filgueira Valverde, ambos cun definitivo labor ao fronte do Museo de Pontevedra. No 2005 será elixido académico o profesor Antonio Rodríguez Colmenero, especialista en arqueoloxía romana... Desde o 2018 incorporárase o cóengo Daniel Lorenzo, fabriqueiro da catedral de Santiago; no 2022 Xosé María Eguileta, ourensán especialista en ar-

queoloxía urbana... interacción interdisciplinar que vai complementando as cuestións que lle afectan ao patrimonio cultural de Galicia.



Escavación arqueolóxica do túmulo megalítico M5 de Outeiro de Cavoladre, Val de Salas, Muíños, Ourense. Campaña 1990-91

Dirección: José María Eguileta Franco. Planos de planta das fases intermedia e final, alzados e estratigrafías. Grafito sobre papel milimetrado





HÉRCULES BAIXA AO INFERNO PARA SALVAR A ALCESTE

Os Traballos de Hércules, Calcografía
nacional, 1779

Juan Barcelón y Abellán,
copia da pintura ao fresco de Luca
Giordano (1690-1700), reproducida ao óleo
por José del Castillo
Augaforte, buril sobre papel



PROMETEO ENCADENADO, 1966 (esquerda)

Tomás Barros Pardo
Óleo sobre táboa



VACA LEYMA, 1966

Manuel Andrés Reboredo López
Lapis sobre papel



JALISIA, Serie Terra Nai, 1993

Xurxo Lobato Sánchez
Fotografía sobre dibond



MEMBRANA DA COR, 2018
'Menchu' Lamas
 Mixta sobre lenzo



VIEIROS DE LUZ, CONSTELACIÓN N°1, 1998
Manuel Rodríguez Moldes
 Óleo sobre lenzo



CONSTRUÍDO O DESCANSO,
1994

Mónica Alonso
Metal, espuma e tea



UN DOLOR MÁS, 1915 ca.
(dererita)

José Seijo Rubio
Óleo sobre lenzo



Soledad Penalta

SEMPRE, ANTES, DESPACIO,
DETRÁS, DEBAIXO, ENCIMA,
ADENTRO, ARREDOR,
DESPOIS A BELEZA
MATERIAL, 2018

Soledad Penalta Lorenzo
Aceiro carbono manuscrito

GLIPTOTECA: RAGBA MEMORIA E EVOLUCIÓN

*"A persoa perfecta non ten método. Mellor dito, ha de ter o mellor dos métodos,
que consiste no método do non método..."*

—SHIH TAO

A escultura galega, ao romper o paralelismo histórico con Europa durante os reinados dos últimos Austrias, Carlos II e Felipe IV, afástase do panorama internacional. Isto provoca unha absorción do folclore como linguaxe e contido das estéticas populares, achegándose ao costumismo e aceptando tardiamente o impresionismo e o modernismo. O rexionalismo convértese en dominante e búscase a tradición como signo de identidade. No século XVIII, a escultura galega comeza a desprenderse do formalismo folclórico, o que marca un punto de inflexión nas tendencias estéticas. Non se pode falar dunha unidade de estilos nin dunha integridade conceptual na forma de facer. As obras, case todas relixiosas, son encargos. Escultores como Gambino e Ferreiro, parentes que traballan no mesmo taller, crean esculturas influenciadas polo barroco italiano e cun acento clasicista, o que senta as bases da escultura clasicista galega. Exemplos da súa obra son as tallas de San Gil e San Pedro en madeira renacentista-barroca.

No século XIX, a aparición dunha burguesía urbana e laica inflúe na demanda de esculturas. Brocos, coa súa escultura costumista e prerrexionalista, inflúe ata avanzado o primeiro terzo do século XX. Galicia busca a súa identidade e lévaa á arte coa filosofía do realismo social, co que rompe co bucólico costumismo burgués.

A través das obras escultóricas, trazamos un percorrido que destaca a pervivencia da tradición e a constante innovación. O granito, material herdado desde os neolíticos, pasando polo románico e o barroco, é utilizado por escultores como Asorey, quen tamén emprega a madeira policromada, e lévao a un realismo herdeiro do rexionalismo, cunha estética galeguista. Magariños e Asorey introducen temáticas de xénero, costumistas, relevos históricos, retratos e esculturas monumentais e crean unha linguaxe propia que combina a tradición coas tendencias do momento.

Esta exposición manifesta a variedade de estilos que marcou a escultura galega, desde o academicismo do século XIX, pasando polas vangardas do século XX, ata as propostas conceptuais do século XXI. As obras evidencian un abano de influencias e abordan temas como a identidade, a memoria e a conexión coa terra, o que nos lembra a forza da escultura como vehículo de expresión cultural. Nas últimas décadas do século XX, a escultura galega destaca pola súa capacidade de investigar técnicas e materiais sen perder o vínculo coa súa Galicia. Representan unha síntese entre tradición e innovación, mostrando unha Galicia en constante transformación, pero ancorada na súa esencia.

A colección de escultura ou Gliptoteca da Academia convida a reflexionar sobre o papel da escultura e a arte na construción dunha entidade cultural viva e en evolución. É unha testemuña do pasado, unha mirada ao presente e unha inspiración para o futuro.

Listaxe de escultores/as:

- José Ferreiro, século XVIII, San Gil: escultura en madeira de estilo neoclásico temperán, influenciada polo rococó. A obra expresa unha profunda espiritualidade.
- José Ferreiro (atribuída), século XVIII, San Pedro: outro exemplo do estilo neoclásico de Ferreiro, que dota as súas figuras sacras dunha notable profundidade espiritual.
- Antonio Martínez Fernández (RAGBA, 1898): escultor santiagués que transitou entre o barroco tardío e o neoclasicismo. Destacou polos seus bustos, como o de Dionisio Martínez Núñez, médico pioneiro da cirurxía ortopédica.
- Antonio Martín (RAGBA, 1976): natural de Ribadeo, coñecido polos seus retratos figurativos de personaxes galegos, dos cales destaca o retrato escultórico de “Ramón Muñiz Ros”.
- José Juan González García (RAGBA, 1941): a súa escultura de Rafael González Villar homenaxea o arquitecto galego e destaca a influencia do rexionalismo e a arte nova en Galicia.
- Francisco Saavedra (RAGBA, 1947): a súa obra “Cristo Yacente” é coñecida pola súa minuciosa execución anatómica e expresividade e reflicte a súa mestría en transmitir emocións no ámbito relixioso.
- Francisco Asorey (RAGBA, 1948): a súa obra Nosa Señora do Mar reflicte a súa profunda conexión coas tradicións galegas e combina realismo e expresividade para transmitir unha visión espiritual e rexionalista.
- José Juan González García (RAGBA, 1952): na súa obra A Piedade, reflíctese a tradición escultórica e temática da piedade e transmítese unha intensa dor maternal e serenidade.
- Ángel Trapote Mateo (RAGBA, 1958): profesor da escola de artes da Coruña; a súa obra A Virxe do Rosario explora temas históricos e culturais ligados a Galicia.
- José Escudeiro Couceiro (RAGBA, 1959): o busto do presidente da Academia, Juan Naya Pérez, destaca polo seu realismo e a dignidade que transmite o personaxe.

- Arturo Brea Pasín (RAGBA, 1982): a súa obra *Virxe do Cristal* destaca pola súa expresividade e por fusionar influencias do expresionismo alemán.
- Francisco Saavedra (RAGBA, 1985): no seu retrato de Francisco Fernández Cabrera, Saavedra captura a esencia da figura con gran mestría técnica.
- Suso de Marcos (RAGBA, 1985): a súa escultura *Xénese reflicte* o seu interese pola natureza e a vida e fusiona o clásico co moderno.
- José Juan González García (RAGBA, 1938): na súa escultura *Espido Feminino*, traballa a madeira e o xeso e explora a figura humana nun estilo moi persoal.
- Elena Colmeiro González (RAGBA, 2019): a súa obra caracterízase pola fusión entre escultura e cerámica; utiliza materiais industriais e crea formas xeométricas con texturas harmoniosas.
- Acisclo Manzano Freire (RAGBA, 2008): escultor de Ourense, cuxa obra inicial de expresionismo deu paso a formas máis abstractas e influencias clásicas, como se ve na súa etapa ibicenca.
- Enrique Tenreiro Pondal (D, 2017): cunha obra sen título, contribúe á tradición escultórica contemporánea galega.
- Soledad Penalta (RAGBA, 2018): a súa obra *reflicte a natureza efémera da perfección* e o tempo e convida á reflexión sobre as formas en que interactúan co espazo e as nosas emocións.
- Mauricio Denon Villiers (fundidor de Félix Mauricio Charpentier, século XIX): o traballo en bronce de Charpentier é un exemplo destacado da escultura académica francesa.
- Alfonso Sanmartín Abelleira (RAGBA, 1989): a súa escultura *Cabeza de Apóstolo* mostra a súa habilidade no tratamento de superficies pétreas e a consolidación de monumentos.
- José Luis Rodríguez Sánchez (RAGBA, 1970): a súa *Cabeza de Zeus* en xeso mostra a maxestosidade do deus, cun alto nivel de detalle nas faccións.

- Ángel Ferrant (RAGBA, 1918): magnífico Beethoven en xeso captura a intensidade emocional da música.
- Castor Latexe Monteiro (RAGBA, 1970): Barrenando é un exemplo do seu estilo realista e expresivo, cun enfoque no traballo humano.
- Manuel García Vázquez de Buciños (RAGBA, 1992): Torso Feminino representa a fusión entre o abstracto e o figurativo e explora as formas corporais concretas.
- Baixo relevo de muller (Xeso, autor descoñecido): esta peza sintetiza a evolución do relevo na escultura galega.
- Manuel Paz Mouta (RAGBA, 2011): “Camiños” son obras en granito de gran beleza e forza expresiva que, integradas na paisaxe, dialogan coa natureza.
- Mónica Alonso (RAGBA, 2024): explora as relacións entre as materias coa percepción e as emocións humanas.



JUAN NAYA PÉREZ, s. XX
José Escudero Couceiro
 Bronce sobre peaña de granito

FRANCISCO FERNÁNDEZ-
 CABRERA GARCÍA, 1969

Francisco Saavedra
 (orixinal realizado por
 José Juan González García)
 Granito



CAMIÑOS, 2010
'Manolo' Paz Mouta
Granito Azul Bahía





CENIZO CON DOS RELIEVES, 1989

Leopoldo Nóvoa García

Mixta sobre lenzo

BARRENADOR, 2º ½ s. XX

Cástor Lata Montoiro

Bronce





CABEZAS DE NIÑAS, 1917 ca.
Enrique Saborit Arosa
 Pastel sobre papel

SEN TÍTULO, 2008
 (dereita)
Acisclo Manzano Freire
 Barro





**Fernando
Agrasar**

EXPOÑER E NARRAR

Toda exposición esixe a creación dun relato, narrado coas pezas que se exhiben. A selección de obras, a súa disposición e as conexións entre elas ofrécennos unha visión determinada, que as persoas espectadoras experimentan e interpretan. Esta idea está implícita en todas as decisións coas que se elaborou o proxecto da exposición coa que se celebran os 175 anos da Real Academia Galega de Belas Artes. Os principais retos desta tarefa foron cinco: ofrecer unha visión actual da Academia, tras 175 anos de historia; subliñar a súa vinculación con Galicia, especialmente coa cidade da Coruña; reflectir o cúmulo de creatividade, coñecemento e capacidade investigadora que a institución posúe; dar conta do variado panorama de artes das que os seus integrantes son excepcionais intérpretes, autores e estudosos; e, por último, mostrar a vontade da Academia para encarar o seu futuro, adaptándose a novas situacións.

O espazo expositivo da mostra, o Kiosco Alfonso da Coruña, é o resultado do traballo arquitectónico de dous académicos: Rafael González Villar, que proxectou o edificio como un pavillón de recreo en 1912, ampliado polo mesmo arquitecto en 1926 e acondicionado como cinematógrafo en 1934. Tras pasar a ser de propiedade municipal na década dos anos setenta, Xosé Manuel Casabella transformouno en sala de exposicións en 1982, coa configuración que mantén actualmente. O espazo do antigo pavillón posúe unha estrutura de dobre simetría que favorece os percorridos lineais

CAMPO DA LEÑA

A Coruña, 2024

Felipe Peña Pereda

Tinta e acuarela sobre papel

